



Ámbito social

Educación a distancia semipresencial

Módulo 2

Unidade didáctica 7

A Idade Media

Índice

1.	Introdución.....	3
1.1	Descrición da unidade didáctica.....	3
1.2	Coñecementos previos.....	3
1.3	Suxestións para a motivación e o estudo.....	4
1.4	Orientacións para a programación temporal	4
2.	Secuencia de contidos e actividades	6
2.1	A Idade Media	6
2.1.1	Os reinos xermanos e o Imperio Carolinxio	6
2.1.2	O Imperio Bizantino.....	12
2.1.3	O Islam medieval.....	14
2.1.4	O feudalismo e o papel da Igrexa	18
2.1.5	O renacemento das cidades e a crise do século XIV.....	22
2.2	A Idade Media na Península Ibérica	24
2.2.1	As monarquías xermánicas na Península Ibérica.....	24
2.2.2	Al-Ándalus e os reinos cristiáns	26
2.2.3	Galicia durante a Idade Media	31
2.3	A arte medieval	33
2.3.1	A arte románica.....	33
2.3.2	A arte gótica	35
2.3.3	A arte musulmá	37
3.	Resumo de contidos	38
4.	Actividades complementarias.....	46
5.	Exercicios de autoavaliación	47
6.	Solucionario.....	50
6.1	Solucións das actividades propostas	50
6.2	Solucións das actividades complementarias.....	55
6.3	Solucións dos exercicios de autoavaliación	56
7.	Glosario.....	59
8.	Bibliografía e recursos	62
9.	Anexo. Licenza de recursos	66

1. Introducción

1.1 Descripción da unidade didáctica

A seguinte unidade forma parte daquelas relacionadas, dentro do ámbito social, co campo da historia. Resulta necesario destacar que este campo do coñecemento non se limita a enumerar feitos do pasado, senón que procura establecer un diálogo vivo co presente que permita comprender mellor o mundo no cal vivimos. Así, a Historia analiza e explica os procesos que tiveron lugar no tempo e o modo no cal as sociedades humanas evolucionaron ata os nosos días. A este respecto, e ao longo da unidade, observaremos o desenvolvemento da Idade Media e a situación da Península Ibérica durante o medievo. O coñecemento deste pasado permite acudir ás raíces de Europa, España e Galicia, e facilitan a comprensión da nosa identidade e do noso presente.

Os principais eixes en torno aos cales se organizan os contidos desta unidades son os seguintes: o modo no que podemos coñecer o pasado a través de restos documentais e arqueolóxicos, a importancia do progreso científico e técnico no avance da humanidade e a identificación de problemas e necesidades comúns a todas as épocas e sociedades históricas. É obxectivo tamén desta unidade outorgarlle ao alumnado todas aquelas ferramentas que lle permitan investigar e descubrir o pasado a través dos seus propios medios. Para isto faremos uso da curiosidade, da identificación de fontes históricas e interpretación dos datos contidos nelas, así como do desenvolvemento do seu criterio persoal.

1.2 Coñecementos previos

Se ben non é necesario que o alumnado conte con coñecementos exhaustivos en torno aos contidos expostos na unidade, si que se recomenda a realización dunha avaliación inicial na cal o docente poida detectar cal é o coñecemento que o seu alumnado posúe acerca do pasado remoto e as súas etapas, das descubertas que se producen no longo período estudado e dos modos de organización dos primeiros agrupamentos de seres humanos.

Os coñecementos prácticos, en proceso de adquisición ou reforzo ao longo do módulo e relacionados co campo da historia, poden resultar así mesmo de especial utilidade para o alumnado. Por exemplo:

- Lectura e comentario de textos que posúan información de carácter histórico.
- Análise e interpretación de fontes tales como mapas, gráficas ou estatísticas.
- Procura de información relevante en medios de fácil acceso, como prensa e Internet.

1.3 Suxestións para a motivación e o estudo

Dado que os contidos tratados ao longo da unidade gardan unha estreita relación co pasado remoto e a arqueoloxía, recoméndase que o profesorado procure vincular a información aquí contida coas pegadas que este pasado deixa aínda na actualidade e cos xacementos arqueolóxicos e restos recollidos nos museos das inmediacións. Recoméndase a vinculación dos contidos cunha interacción co alumnado a través de actividades de investigación e descubrimento do pasado, de forma individual e colectiva, na medida do posible.

Igualmente, recoméndase sempre que sexa posible a vinculación dos contidos con materiais de ampliación, tales como poden ser películas, documentais, recursos en liña, novela ou banda deseñada, procurando establecer un vínculo cos intereses do alumnado. A finalidade última debe ser o estímulo da curiosidade a través das propostas, e non a sobrecarga de materiais de estudo.

É recomendable que o profesorado guíe o alumnado en relación á construción dunha rutina de estudo que lle permita enfrontarse á materia en función da cantidade de tempo que teña á súa disposición. Igualmente, é necesario detectar aqueles casos nos que sexa necesario achegar materiais adicionais que permitan adquirir destrezas relacionadas co estudo, tales como a construción de esquemas e resumos, elaboración de glosarios ou técnicas de subliñado. A unidade procura solucionar algunhas das dificultades que poidan derivar destes aspectos, para iso destacamos ideas clave, achegamos ferramentas de autoavaliación, un resumo de contidos e un glosario de termos.

1.4 Orientacións para a programación temporal

Os materiais aquí contidos están dirixidos tanto ao ensino en modalidade presencial como en modalidade semipresencial. Se ben as estratexias que debemos empregar por parte do profesorado nas dúas vertentes entrañan metodoloxías distintas, en ambos os casos o enfoque da unidade está deseñado para catro semanas, dado que o temario correspondente ao segundo bimestre de 1º da ESA no ámbito da Sociedade se corresponde tanto con esta unidade como a anterior: “A Idade Moderna”.

Para esta finalidade, os contidos da unidade que nos ocupa están organizados en torno ao desenvolvemento de tres apartados principais. Recomendamos que se trate cada un deles no espazo dunha semana, e dedicar unha cuarta semana, coas súas sesións

correspondentes, ao repaso do exposto ao longo da unidade, resolución de actividades e preparación de posibles probas. Así pois, o esquema recomendado para a programación temporal é o seguinte:

- *Primeira semana*: desenvolvemento da sección 2.1: “A Idade Media”.
- *Segunda semana*: tratamento da sección 2.2: “A Idade Media na Península Ibérica”.
- *Terceira semana*: explicación da sección 2.3: “A arte medieval”.
- *Cuarta Semana*: resolución de actividades, repaso xeral, preparación de probas. A este respecto, proponse:
 - Facer resumos dos contidos, de tal modo que o alumnado os saiba empregar como unha ferramenta de repaso pero non como substitución da unidade.
 - Realizar as actividades de autoavaliación, para detectar os erros máis frecuentes e deseñar estratexias para lles facer fronte.
 - Recorrer ao glosario de termos para comprender axeitadamente aqueles que poidan supor algunha complexidade, evitaremos así a memorización carente de comprensión.

2. Secuencia de contidos e actividades

2.1 A Idade Media

A Idade Media abrangue un longo espazo de tempo, desde a caída do Imperio Romano de Occidente (476 d. C.) ata a chegada da Idade Moderna no século XV. É unha época na que se van producir considerables cambios no territorio europeo fronte á Idade Antiga:

- No eido **económico**, prodúcese o tránsito dunha economía escravista e comercial a outra feudal e rural.
- No ámbito **social** queda atrás o concepto de cidadanía romana e aparece a división en **estamentos**, clases sociais ás que se accedía por nacemento.
- No plano **político**, a homoxeneidade do Imperio Romano vese substituída pola aparición de múltiples reinos.
- No eido **cultural** pasamos da adaptable cultura romana a visións máis rixidas que orbitan en torno á relixión (**teocentrismo**).

Cronoloxicamente, podemos dividir este longo espazo de tempo en:

- Alta Idade Media. Etapa que vai dende a caída do Imperio Romano de Occidente ata aproximadamente o ano 1000.
- Baixa Idade Media. Vai dende o século XI ata un espazo de tempo situado entre a caída do Imperio Romano de Oriente (1453) e o descubrimento de América (1492).

2.1.1 Os reinos xermanos e o Imperio Carolinxio

Desde o século III, o Imperio Romano de occidente estaba en crise. Isto facilitou que os pobos nas súas fronteiras visen a posibilidade de atacar os territorios romanos ou de ofrecerse como mercenarios a Roma.

Roma tivo serias dificultades para defender as súas fronteiras, e para facilitalo, o emperador Teodosio decidiu partir o imperio en dúas partes (395 d C.):

- O Imperio Romano de Occidente, con capital en Roma.
- O Imperio Romano de Oriente, con capital en Constantinopla.

Pouco a pouco, o Imperio Romano de Occidente comezou a perder territorio fronte ás invasións dos **pobos xermanos** e do imperio dos **hunos** (dirixidos por Atila). Tamén o perdeu por cederllo aos seus aliados (outros pobos xermanos), aos que necesitaba para repeler as invasións.

Foi un dos supostos aliados de Roma (**Odoacro**, caudillo dos ostrogodos) o que, no ano 476, aproveitou a súa forza militar dentro da Península Itálica e acabou por derrocar o último emperador (**Rómulo Augusto**). Isto puña fin ao Imperio Romano de Occidente e daba por rematada a Idade Antiga.

Os reinos xermanos

Entre os séculos V e VII consolidáronse múltiples **reinos** independentes no que fora o territorio do Imperio Romano de Occidente. Así, na Península Itálica tomaron o poder os **ostrogodos**, en Francia, os **francos**; en Inglaterra, os **anglos** e os **saxóns**; no norte de África, os **vándalos**; e na Península Ibérica, os **suevos** e os **visigodos**.



Os reinos xermánicos no século VI.

Estes pobos compartían unha serie de características en común:

- No **político**, o poder estaba baixo o control dun **rei** que era escollido inicialmente por unha **assemblea** de guerreiros que o vían como un dirixente entre iguais (***primus inter pares***). Co paso do tempo, os reis conseguiron manter o seu poder de forma vitalicia e trasladarlles a coroa aos seus descendentes, creando así liñaxes. As assembleas víronse substituídas polas **cortes**, onde os reis favorecían aos seus aliados dándolles funcións que os convertían en figuras poderosas. Nestas cortes apareceron os **mordomos de palacio**, figuras cunha gran influencia que en ocasións rivalizaba coa dos propios reis.

- No ámbito **social**, e como os xermanos eran unha minoría inicialmente, procuraron mesturarse coas elites das sociedades conquistadas.
 - Baixo a figura do rei apareceron cargos nobiliarios: os **duques** (gobernadores de provincias) e os **condes** (dirixentes de cidades).
 - Os xermanos acabarán por converterse ao cristianismo, o que fará que os **bispos** sexan tamén unha figura de grande influencia. Igualmente, apareceron os **mosteiros** e as primeiras comunidades de **monxes**.
 - A maior parte da sociedade estaba composta polo **campesiñado**, que vivía nunha gran proporción baixo un réxime de **servidume**.
- No terreo **económico**, a base era a **agricultura**.
 - O poder viña delimitado pola cantidade de terras posuídas: o rei, a nobreza e a Igrexa eran os principais donos das terras.
 - Outra fonte de ingresos eran os **impostos**, que debían pagar as poboacións conquistadas.
 - As **cidades** entraron en declive e producíronse poucos cambios no eido tecnolóxico e nas actividades artesás dende a época romana.
 - O **comercio** volveuse moi feble, intercambiaban algúns produtos con territorios máis avanzados, como o Imperio Bizantino. O emprego da moeda retrocedeu e volveuse ao **troco**.
- No eido cultural:
 - Elaboraron **códigos de leis** para facilitar o control dos territorios.
 - Parte dos reinos cristianizáronse e convertéronse ao catolicismo ou abrazaron herexías (como o **arrianismo**).
 - Xurdiron **novos idiomas**, polo contacto coas poboacións que falaban o latín.
 - No plano das **artes**, eran hábiles ourives e preocupáronse especialmente pola arte moble: xoias, armas, códices etc. Na arquitectura, e pola redución na importancia das cidades, os seus edificios eran de pequenas dimensións, destacan pazos, capelas e tumbas.




Fíbulas aquiliformes de Alovera. Arte visigótica, século VI.

O Imperio Carolinxio

No século VIII, o reino xermano dos francos viviu un cambio de dinastía. Os **mordomos de palacio** foron cobrando cada vez maior peso e conseguiron no século VII que o cargo fose hereditario e convertéronse pouco a pouco nos verdadeiros gobernantes. No 751, os reis merovinxios foron destronados e chega ao poder **Pipino o Breve**. Este estableceu moi boas relacións co papado, que o declarou “protector dos romanos”.

O seu fillo **Carlomagno** tomará o control do reino no 768 e consolidará os avances do seu antecesor. Conseguiu que o reino franco se vira convertido nunha das principais potencias do seu tempo.

O obxectivo de Carlomagno era dobre: reinstaurar o Imperio Romano de Occidente e consolidar o cristianismo en Europa. Para isto levou a cabo múltiples guerras (43 campañas militares en 47 anos de reinado) que o enfrontaron a pobos como o dos **ávaros**, os **saxóns** ou os **lombardos**. As conquistas militares permitíronlle configurar un auténtico **imperio** de máis de 30.000 km² que estendía as súas fronteiras por boa parte de Europa: dende o Atlántico ata o Elba, e dende o Báltico a España e Italia.



No ano 800, as súas conquistas foron lexitimadas pola Igrexa, xa que foi coroado emperador polo papa no Nadal dese ano. As características xerais do seu reinado foron as seguintes:

- No eido **político**, Carlomagno baseouse nos emperadores romanos (buscaba o poder absoluto) pero gobernou con abundantes elementos das monarquías xermanas:
 - Reforzou a administración, pois contaba cun grupo de funcionarios que facilitaban as súas tarefas de goberno. Estableceu a capital do seu imperio en **Aquisgrán**.
 - Organizou o territorio en provincias, dirixidas por **condes**, e territorios fronteirizos ou **marcas** controladas por líderes militares: os **marqueses**.
 - Para controlar os seus dominios e garantir a fidelidade dos seus nobres, Carlomagno empregou unha especie de inspectores: os **missi dominici**.
- No plano **económico**:
 - A agricultura segue sendo a base da economía e a posesión da terra un indicador de poder. A nobreza posúe grandes extensións de terreo das que cede parte (os **mansos**) a familias campesiñas, a cambio dunha renda e de xornadas de traballo nas súas propias terras (**corveas**).
 - Carlomagno introduciu unha moeda oficial, a **libra**, o cal combina cun relanzamento do comercio durante o seu reinado. Este comercio é, por unha banda, de produtos de luxo que veñen de Oriente (sedas, especies etc.) e, por outra banda, hai un comercio interno, como os mercados que se celebraban semanalmente nas cidades.
- En canto á **sociedade** carolinxia:
 - Na **cúspide** están as elites nobiliarias, xunto ao alto clero: unhas 300 familias que posúen unha gran cantidade de terras, que controlan cargos públicos, condados, abadías, sés episcopais etc.
 - Por debaixo dos anteriores están os **individuos libres**. Campesiños propietarios de terras, artesáns e comerciantes.
 - Na base da sociedade están os **servos**, que traballaban as terras das clases altas nunha situación próxima á escravitude.
- No terreo **cultural**, Carlomagno promoveu un renacemento cultural:
 - Impulsou a creación de **escolas**, tanto para os funcionarios como para os eclesiásticos e crean nestas amplas **bibliotecas**. Destaca a **Escola palatina**, onde procurou reunir os individuos máis sabios da súa época e dende onde quixo rescatar as grandes obras da antigüidade.
 - A Escola palatina instituíu un corpo de coñecementos que procuraba sintetizar o saber da época. Dividíase en:

- **Trivium**, enfocado a desenvolver a elocuencia (gramática, dialéctica e retórica).
- **Quadrivium**, enfocado ao desenvolvemento do coñecemento matemático (aritmética, xeometría, astronomía e música).
- Nas artes destaca a arquitectura, que imitaba formas romanas e bizantinas. Mandou construír numerosas igrexas, entre as que sobresa a capela palatina de Aquisgrán.

O Imperio Carolinxio viuse di

vidido á morte de Carlomagno, xa que aínda que foi herdado inicialmente polo único sobrevivente dos seus fillos (Luís o Piadoso), os seus netos enfrontáronse polo control do territorio, fragmentándoo en reinos máis pequenos.



Capela palatina de Aquisgrán.

Actividades propostas

S1. Resuma os principais trazos dos reinos xermanos no seguinte esquema.

▪ Política	
▪ Sociedade	
▪ Economía	
▪ Cultura	

S2. Indique as características do renacemento cultural carolinxio.

2.1.2 O Imperio Bizantino

O Imperio Romano de Oriente ou Imperio Bizantino sobreviviu á caída de Roma no 476 d. C. Existiu ata o ano 1453, cando a súa capital (**Constantinopla**) caeu en mans dos turcos.

Durante case mil anos, a pluralidade de pobos que formaban o imperio fusionaron elementos da cultura grega e romana, xunto con costumes e tradicións occidentais e orientais. Tamén conservaron e reelaboraron boa parte do legado clásico. Constantinopla considerábase sucesora de Roma e foi durante boa parte da Idade Media unha das cidades máis poboadas do mundo. Igualmente, era a porta comercial entre Asia e Europa e lugar de tránsito de gran cantidade de viaxeiros.



O momento de maior auge do Imperio Bizantino correspóndese co reinado de **Xustiniano**, no século VI (do 527 ao 565). Este emperador quería restablecer a unidade do antigo Imperio romano, e para isto enfrontouse aos reinos xermanos dos vándalos, ostrogodos e visigodos. Coa axuda dos seus xenerais (**Belisario e Narsés**) conseguiu estenderse polo norte de África, a Península Itálica e o sur da Península Ibérica.

Durante esta época viviuse tamén un grande esplendor cultural, construíuse a basílica de **Santa Sofía**. Con todo, os esforzos bélicos tiveron o seu custo e sumiron o imperio nun século vindeiro de crise económica e de peste, froito da cal pereceu un terzo da poboación de Constantinopla.

Nos séculos posteriores o imperio foi perdendo territorios e sufriu tamén conflitos internos, derivados de disputas relixiosas. Estas últimas levaron á separación do cristianismo entre católicos e ortodoxos: o **Cisma de Oriente**.

A época das **cruzadas** contribuíu a debilitar o imperio, cuxo final chegaría no século XV co asedio das tropas comandadas por **Mehmet II**, sultán de Turquía. Constantinopla pasaría así a ser rebautizada como **Istambul** e o Imperio Bizantino desaparecería.

Trazos xerais do Imperio Bizantino

- Na **organización política**, o emperador ou **basileus** contaba cun poder absoluto. Dirixía a administración, o exército, e era tamén xefe da Igrexa. Para exercer a súa autoridade dependía dunha poderosa rede de funcionarios e dun **corpo diplomático** que permitía manter as relacións cos outros territorios. Mediante o **Código de Xustiniano** quedaron establecidas as leis que se aplicaban en todo o imperio.
- No terreo económico:
 - Ao igual que no resto do mundo da época, a **agricultura** ocupaba un papel fundamental. A grande propiedade da terra estivo nas mans da nobreza e da Igrexa.
 - O **comercio**, pola situación xeográfica de Constantinopla, foi unha actividade de grande importancia. As rutas de Europa a Asia e do Mar Negro ao Mediterráneo pasaban polo seu territorio. A moeda bizantina, o **besante**, aceptábase nunha gran cantidade de territorios, converteuse nunha divisa internacional.
 - Na **industria** destacou a produción de **seda**, cuxos secretos foron obtidos de China no século VI grazas á espionaxe.
- A **sociedade** bizantina foi de tipo piramidal:
 - Na cúspide atopamos o emperador (**basileus**). Por debaixo del estaba o **patriarca** de Constantinopla (máxima autoridade relixiosa despois do emperador), o alto clero e alta nobreza.
 - Comerciantes, artesáns, soldados e campesiños libres integraban as clases medias.
 - Na base da pirámide estaban os servos e os escravos, que eran os encargados do traballo da terra e de labores domésticas.
- No eido cultural:
 - O **grego** foi a lingua oficial do Imperio Bizantino, que substituíu o latín e coñeceu unha abundante produción escrita (literatura, historia, temas relixiosos etc.).
 - A **relixión** orixinou abundantes conflitos, entre os que destacan:
 - A **disputa iconoclasta** do século VIII, na cal o emperador prohibiu a veneración de imaxes que representasen a Cristo ou os santos.



Basilica de San Marcos, construída no século IX. Venecia.

- **O Cisma de Oriente** do século XI, no que o patriarca de Constantinopla e o papa de Roma se excomungaron mutuamente.
- Pola súa situación xeográfica, de contacto entre culturas e eido principal do comercio, Constantinopla converteuse no centro cultural do Mediterráneo. Igualmente, os bizantinos recompilaron boa parte das obras do mundo clásico en escolas, universidades e mosteiros.
- Nas artes, destacou especialmente a construción de templos (**Santa Sofía, San Marcos**), de planta grega e hábil uso das cúpulas. No interior das igrexas houbo unha abundante decoración en forma de **mosaicos e relevos**.

S3. Lea o seguinte texto e conteste as preguntas.

Algúns monxes que viñan da India decatáronse de que o emperador Xustiniano desexaba que, para o comercio da seda os romanos non fosen máis obrigados a estar baixo o control dos persas. Presentáronse ante o emperador e prometéronlle que non se verían obrigados a comprarlle a seda aos persas, aos seus inimigos, nin a outra nación; eles viviran moito tempo en Serinda (China noroccidental), un país máis aló da India, e aprenderan tamén a producir a seda en terra romana...

Os monxes volveron de novo a Serinda, trouxeron ovos do verme de seda a Bizancio, convertéronos en vermes e alimentáronos con follas de moreira. Desde aquel momento, no imperio romano empezouse a producir a seda.

Procopio de Cesarea "Historia das guerras"

▪ A que fai referencia o texto?	
▪ Cando tivo lugar o episodio ao que fai referencia o documento?	
▪ Que vantaxes lle puido reportar ao Imperio Bizantino o exposto no documento?	

2.1.3 O Islam medieval

O nacemento do Islam produciuse en **Arabia**, península desértica situada entre o Mar Vermello, o Golfo Pérsico e o Mediterráneo. A agricultura soamente era posible en parte da costa e zonas de **oasis**. Existían unhas poucas cidades de importancia (**Medina, A Meca**) por onde pasaban rutas de caravanas que transportaban sedas, especias e outros artigos de luxo que proviñan de Oriente.


A maior parte dos habitantes da península arábica eran **beduínos**, nómades dedicados á gandería e organizados en tribos, moitas veces enfrontadas entre si. Como elementos de unión tiñan o idioma (o árabe), tradicións e costumes. Eran **politeístas** e consideraban que **A Meca**, onde estaba a **Pedra Negra da Kaaba**, era o unha cidade sagrada.

Neste contexto aparece a figura de **Mahoma**, que a comezos do século VII comeza a predicar unha nova relixión **monoteísta** que recoñecía a un único deus: **Alá**. Isto lévao a

ter enfrontamentos cos habitantes da Meca que o obrigan a fuxir á cidade de Medina. A fuxida leva o nome de **hóxira** e marca o comezo do calendario musulmán, no ano 622.

En Medina, Mahoma recrutou un exército co que conquistou A Meca, para expandirse logo por toda Arabia. Á súa morte, os seus sucesores adoptaron o título de **califa**, xefe político e relixioso dos musulmáns. En poucos anos, e mediante a **xihad**, conquistaron **Persia e Exipto**, e tiveron os primeiros choques co Imperio Bizantino.

A máxima expansión produciuse coa dinastía dos Omeia, que entre os séculos VII e VIII estenderon o seu imperio dende Persia ata a Península Ibérica.



A mediados do século VIII, despois de cruentas loitas, a familia dos Abasidas desprazou os Omeias e trasladou a capital do califato a Bagdad. A partir do século X, o islam sufriu un proceso político de desintegración debido a conflitos relixiosos, ao xurdimento de dinastías rexionais independentes en España, en Marrocos e en Exipto, e ás invasións de turcos e mongois.

Bases da relixión islámica

A doutrina predicada por Mahoma recibe o nome de **islam**, que significa “submisión” (ante Deus). O dogma principal é que hai un único deus, Alá, e que Mahoma é o seu profeta. As obrigas fundamentais dos fieis recóllense no **Corán**, o libro sagrado dos musulmáns, e son as seguintes:

- A **profesión da fe**, asumir que hai un único deus, Alá, e que Mahoma é o seu profeta
- A **oración**, que debe levarse a cabo cinco veces ao día.
- A **esmola**, para axudar os necesitados.
- O **xaxún** do mes de Ramadán, dende a saída ata a posta do sol.
- A **peregrinación á Meca**, que debe levarse a cabo cando menos unha vez na vida.

Administración política e economía

No eido **político**, o dirixente do Imperio Islámico era o **califa**, que era considerado sucesor de Mahoma e representante de Alá. Tiña un poder absoluto e dirixía o goberno e a relixión, xunto á elaboración das leis, os tribunais e un exército do que dependía boa parte do poder do califa. Para organizar o imperio foi necesario desenvolver unha rede administrativa, copiada en moitos aspectos dos persas e dos bizantinos. Por debaixo do califa estaban:

- Os **valís** e os **emires**, como gobernadores de provincias. Podían ter exércitos ao seu cargo.
- Os **visires**, ministros encargados de tarefas do goberno.
- Os **cadís**, xuíces e autoridades relixiosas, xa que a xustiza seguía as leis do Corán.

En canto á **economía**, a base era a agricultura, na cal o mundo musulmán levou a cabo grandes avances en **técnicas de regadío**. Igualmente, introduciron **novos cultivos** no mundo do Mediterráneo (como a cana de azucre, o albaricoque, o algodón e o azafrán). Outras características foron:

- O **comercio** foi esencial na economía, tanto a través de rutas marítimas como terrestres, pois permitíanlles acceder ás rutas das especias de Oriente, seda, ouro, marfil e pedras preciosas.
- As **ciudades** coñeceron un gran desenvolvemento, eran os principais centros de comercio e consumo. Nelas desenvolvíanse as actividades artesanais como o curtume, tecidos etc.).
- Acuñaron unha moeda propia, o **dinar** de ouro, e empregaron mecanismos para facilitar os intercambios, como a **letra de cambio**.

Sociedade e cultura

A **sociedade** tiña características tolerantes pero resultaba desigual. As mulleres estaban sometidas á autoridade do pai ou do marido, e a educación quedaba restrinxida aos varóns.

- Na cúspide atopábanse os **árabes**, que conformaban unha especie de aristocracia e monopolizaban o poder político, militar, económico e relixioso.
- Por outra banda, estaban o resto dos musulmáns, moitos deles conversos que en teoría terían os mesmos dereitos cós árabes. Neste grupo atopamos dende persoas acomodadas (médicos, comerciantes) ata campesiños e artesáns.

- Logo estarían os non musulmáns, que formaban un grupo moi variado: podían seguir practicando a súa relixión se pagaban tributos. É un grupo diverso, de características semellantes ao anterior.
- Por último estarían os **escravos**, considerados mercadoría humana e empregados nos traballos máis duros: minas, agricultura e servizo doméstico.

A **cultura** do mundo árabe foi considerablemente avanzada para o seu tempo:

- Asimilaron características dos pobos vencidos e tomaron elementos tanto de Asia como da cultura grecolatina. Traduciron unha gran cantidade de obras clásicas ao árabe, lingua que se implantou nos territorios conquistados, que deu lugar a importantes obras literarias (como “**As mil e unha noites**”) e que estivo presente en amplas bibliotecas creadas nas cidades, entre as que destacamos a de Córdoba, Bagdad e O Cairo.
- Grazas ao comercio tiveron contacto cos avances do seu tempo. A través de China coñeceron a **pólvora**, o **papel** e o **compás**.
- Apaixonados pola **alquimia**, descubriron substancias como o alcol e o ácido sulfúrico.
- Nas **matemáticas** difundiron o uso do 0, inventaron a **álgebra** e desenvolveron a aritmética e trigonometría.
- En **medicina**, e con médicos como Avicena e Averroes, desenvolveron técnicas de cirurxía e anestesia, e tamén mostraron preocupación pola prevención de enfermidades.
- No terreo das artes destacaron en **arquitectura**. As obras que realizaron estaban destinadas ao poder e á relixión: **pazos e mesquitas**, onde lle prestan máis importancia ao interior que ao exterior. A decoración non ten figuras humanas nin de animais ao estaren prohibidas pola relixión: pintura e escultura cumprían funcións estritamente decorativas.

Actividades propostas

S4. Cales son as obrigas fundamentais da relixión islámica?

▪	
▪	
▪	
▪	
▪	

S5. Indique as características da cultura musulmá medieval.

2.1.4 O feudalismo e o papel da Igrexa

Coa división do imperio de Carlomagno no século IX, boa parte de Europa volveuse vulnerable a ataques e invasións. Distintos pobos lanzaron expedicións de saqueo, entre os que podemos destacar:

- Os **húngaros**, xinetes que lanzaron incursións contra os territorios das actuais Francia, Alemaña e Italia. Finalmente, establecéronse nas terras do curso medio do Danubio, fundaron Hungría a principios do século XI.
- Os **piratas sarracenos**, que proviñan do norte de África, saquearon illas e costas do Mediterráneo en busca de botín e escravos. Chegaron a espoliar Roma no século IX.
- Os **viquingos**, hábiles navegantes da rexión de **Escandinavia**, asolaron Europa durante dous séculos. Chegaron a contactar co Imperio Bizantino e o Califato de Bagdad. Co paso do tempo, algúns destes pobos estableceron relacións comerciais cos territorios antes saqueados e incluso se instalaram nas illas británicas e no norte de Francia, en **Normandía**.



Representación dunha embarcación viquinga no tapiz de Bayeaux, do século XI.

Esta situación debilitou o poder dos monarcas, incapaces de repeler os ataques, e reforzou o poder dos señores locais. Estes construíron fortificacións e fixeron que a xente lles xurase lealdade a cambio de protección. O poder destes señores feudais medrou ata eclipsar o dos reis, e deu lugar a un novo sistema: o **feudalismo**.

O feudalismo

Este sistema tivo lugar en Europa occidental e acadou o seu maior auxe entre os séculos XI e XIII. As bases do sistema eran as seguintes:

- Unha sociedade dividida en tres **estamentos**: a nobreza guerreira, os eclesiásticos e os campesiños. Os dous primeiros grupos tiñan o poder como **estamentos privilexiados**, gozaban de leis distintas ás do resto da poboación e non tiñan que pagar impostos.

- A **economía** estaba totalmente baseada na agricultura e na gandaría. As terras eran traballadas polos servos do señor feudal e por algúns campesiños libres. O comercio diminuíu pola inseguridade, o cal provocou que as cidades tiveran menor importancia e facían predominante a vida rural. Para manter o sistema, os servos pagábanlles elevadas rendas aos señores feudais e todo o campesiñado debía pagar o **décimo** á Igrexa.
- O poder central desapareceu como tal e produciuse unha fragmentación do mesmo, que pasou a ser exercido polos nobres nos territorios da súa propiedade: os **feudos**. Así, os señores feudais lexislaban, impuñan impostos e administraban xustiza.
- O sistema baseábase no establecemento de lazos de fidelidade e dependencia persoais, a **vasalaxe** e a **servidume**:
 - A **vasalaxe** era un contrato polo cal un home libre, o vasalo, prometíalle fidelidade ao señor feudal a cambio duns bens, que por norma eran terras e servos. O vasalo debía prestar **auxilium** e **consilium**, é dicir: axuda militar cando fose necesario e consello cando fose solicitado. Este contrato levábase a cabo mediante unha cerimonia de **homenaxe e investidura**. Debido ao persoal destes lazos, considerábase que a traizón era o peor delito que un vasalo podía cometer.
 - A **servidume** consistía na entrega das posesións de boa parte do campesiñado, ou do seu traballo ao señor feudal a cambio de protección. O clima de temor e inseguridade fixo que moitos dos campesiños quedaran sometidos á autoridade dos señores feudais.



Carlos I recibe a homenaxe dun vasalo. Miniatura do século XV.

- O sistema baseábase tamén na herdanza dos feudos e dos privilexios. Os primoxénitos dos señores feudais herdaban as posesións dos seus pais e os vasalos facían o mesmo cando lles renovaban a fidelidade ao seu señor. A **liñaxe** determinaba a orixe social dun individuo, indicaba se pertencía ao estamento dos privilexiados ou non. Así, os pactos matrimoniais entre a nobreza foron comúns para perpetuar a liñaxe, para iso empregaban as mulleres da nobreza como moeda de cambio co obxectivo de crear pactos e alianzas entre familias.

O papel da Igrexa

A Igrexa foi a única institución que seguiu funcionando despois da caída do Imperio



Representación dun copista. Retrato de Jean Miélot, século XV.

Romano de Occidente. Foi utilizada polos pobos xermánicos para consolidar e lexitimar os seus reinos, asegurándose así a Igrexa unha posición de privilexio en Europa Occidental. As invasións do século IX crearon un gran medo na sociedade e a crenza de que o mundo se achegaba ao seu fin: o **milénarismo**. Malia a aparición de múltiples seitas e herexías relacionadas con este fenómeno, a Igrexa empregouno para consolidar o seu poder.

- No plano **político**, a Igrexa foi toda unha potencia. Os papas interviñan nos asuntos dos reinos, mediaban entre os reis, e mesmo podían ordenar períodos de paz (**treguas de Deus**) ou levantar exércitos para combater por motivos relixiosos. A Igrexa deulle lexitimidade ao poder político, proporcionoulle a ideoloxía que sostivo o sistema feudal e ditou os fundamentos das leis e as normas para seguir na vida cotiá, dende o traballo ata a vida persoal e íntima. A institución aproveitou esta situación para que a cultura quedase exclusivamente nas súas mans e para impor a súa relixión como a única, perseguiron os fieis doutras confesións.
- En canto á súa **organización interna**, a Igrexa era unha institución moi xerarquizada na cal os seus integrantes formaban parte do grupo dos privilexiados. Á fronte dela estaba o papa, como máxima autoridade relixiosa. Estaba dividida en:
 - **Clero secular**. Formado por cardeais, bispos, arcebispos e sacerdotes. Vivían en contacto cos laicos.
 - **Clero regular**. Formado polas ordes relixiosas: abades, freires, monxes e monxas. Illábanse do resto do mundo, vivían en mosteiros e seguían unha serie de regras.
- A Igrexa contaba cunha **gran forza económica**: gran parte das terras estaban nas súas mans, controladas dende mosteiros e catedrais. Ademais das rendas que lles cobraba aos seus campesiños, estaba o **décimo**, imposto sobre as colleitas lle que afectaba a todo o campesiñado. Durante a Idade Media cobran importancia as **peregrinacións**. Os centros máis importantes de peregrinación eran: Roma, Xerusalén e Santiago de Compostela, que contribuíron a aumentar o volume das arcas da Igrexa, grazas ás doazóns dos peregrinos.

- Na **extensión do cristianismo**, e xunto co papel das peregrinacións e das conversións de pobos pagáns, destaca o papel das **cruzadas**. Estas leváronse a cabo a partir do século XI e buscaban arrebatarlle Xerusalén e a chamada Terra Santa aos musulmáns. Alí os cruzados fundaron reinos e estableceron ordes militares (**Templarios, Hospitalarios**).
- **No eido social**, o ritmo da vida cotiá estaba nas súas mans. Os ritos, dende o bautismo ata o enterro, estaban directamente relacionados co cristianismo. O mesmo sucedía cos ritmos de traballo, que estaban marcados polas festividades relixiosas, e a propia referencia do paso do tempo, anunciado polas campás da Igrexa. O fiel tiña unha serie de obrigas se desexaba alcanzar a vida eterna, tales como a oración, a asistencia aos oficios relixiosos e a práctica da caridade e das doazóns, entregaban tamén parte dos seus bens á Igrexa. Xunto a isto, a Igrexa dispuña de mecanismos para perseguir as herexías e outras crenzas, a excomuñón e a Inquisición:
 - A través da **excomuñón** expulsábase da Igrexa a todo aquel que non obedecía as súas ordes. O excomungado non podía recibir sacramentos e quedaba fóra da lei divina.
 - A **Inquisición** era un tribunal eclesiástico fundado no século XII, que investigaba a quen consideraba sospeitoso e podía chegar a empregar tortura e a executar os acusados.
- **No ámbito cultural**, a Igrexa tiña un papel fundamental pois financiaba obras de arte, e un papel importante no mantemento e difusión de obras clásicas, grazas ao labor de copistas de textos que levaron a cabo os frades en moitos mosteiros. Ao mesmo tempo, exercía un papel de control na produción cultural e de censora en aqueles aspectos que fosen contra as bases do cristianismo.

Actividades propostas

S6. Comente o seguinte documento seguindo as preguntas expostas.

“Os nobres son os guerreiros, os protectores das igrexas. Defenden a todo o pobo, aos grandes o mesmo que aos pequenos e ao mesmo tempo protéxense a eles mesmos. A outra clase é a dos servos. Esta raza de desgraciados non posúe nada sen sufrimento. Provisións e vestidos son fornecidos a todos por eles, pois os homes libres non poden valerse sen eles. Así pois, a cidade de Deus, que é tida como unha, en realidade é tripla. Uns rezan, outros loitan e outros traballan. As tres ordes viven xuntas e non sofren unha separación. Os servizos de cada unha destas ordes permiten os traballos dos outros dous. E cada un á súa vez préstalle apoio aos demais. Mentres esta lei estivo en vigor o mundo estivo en paz”.

Do monxe Adalberón na súa obra *Carmen ad Robertum regem francorum*. Ano 998.

▪ Con que época e zona do mundo se corresponde o documento?	
▪ A que fai referencia?	
▪ Considera que o autor é crítico co sistema exposto ou que é favorable? Razoe a resposta.	

S7. Defina os seguintes termos. Lembre que existe un glosario ao final da unidade.

▪ Milenarismo	
▪ Abade	
▪ Décimo	
▪ Cruzadas	
▪ Inquisición	

2.1.5 O renacemento das cidades e a crise do século XIV

A partir do século XI comeza unha recuperación da poboación e peso das cidades europeas, que se vai ver favorecida nos séculos XII e XIII por:

- Un **aumento da produción agraria**, grazas a novas técnicas e avances (muíños, regadíos, novos cultivos) e á explotación de maiores superficies de terra.
- Un **aumento da poboación**, grazas á maior cantidade e diversidade de alimentos.
- Un **incremento do comercio**, grazas a unha maior estabilidade e seguridade das rutas.

Non obstante, esta situación verase interrompida no século XIV por varios factores:

- A aparición de **fames** provocadas por sucesións de malas colleitas.
- Unha **conflitividade** moi elevada, con guerras en boa parte de Europa e rebelións campesiñas.
- A chegada da **Peste Negra**, grave epidemia que vai a eliminar a case un terzo da poboación europea.

O renacemento das cidades


A partir do século XI moitas cidades coñecen un gran crecemento, aparecen urbes novas en lugares estratéxicos para as rutas comerciais. A posibilidade para os campesiños de escapar ao control do señor feudal e a seguridade que brindaban as murallas para os comerciantes atraeron a unha gran cantidade de poboación. As cidades máis prósperas superan os 100.000 habitantes no século XIII (París, Venecia, Florencia).

Os trazos xerais do mundo urbano desta época son:

- A aparición dunha nova clase social, a **burguesía**. Habitantes das cidades, tiñan como actividade principal o comercio e a artesanía. Con eles produciuse un cambio de mentalidade: xorde o afán de enriquecerse para aumentar os negocios e o patrimonio. Pertencían ao grupo dos non privilexiados e eran unha pequena porcentaxe da poboación urbana. Convivían cos aprendices dos obradoiros, criados, mendigos etc.

- Os artesáns organizábanse en **gremios**. Non se podía exercer unha profesión sen pertencer a un gremio, no que os **mestres artesáns** decidían as condicións de traballo: o gremio concedía ou denegaba o permiso para a instalación de novos obradoiros e toma de novos aprendices. Tamén controlaba o horario laboral, marcaba un mínimo para os prezos de venda e controlaba a calidade dos produtos elaborados.

- Producíronse **disputas polo control das cidades**. Moitas estaban baixo a xurisdición dun nobre ou dun eclesiástico, pero os burgueses loitaron polo dereito de gobernarse a si mesmos. Contaron para isto co apoio dos reis, interesados en reducir o poder da nobreza e de contar con novos aliados. As cidades libres da xurisdición dos señores recibían do rei un documento no que indicaban os seus dereitos e a forma de goberno, o **foro**. O goberno das cidades pasou ás mans dun **concello**, formado polas familias máis ricas e prestixiosas.



- Foron lugares de **transmisión de coñecementos**. Apareceron escolas urbanas para formar os fillos dos burgueses, arrebatáronlles aos eclesiásticos o monopolio do coñecemento. No século XIII apareceron as primeiras universidades, que organizaban o ensino en catro facultades: **Artes Liberais, Medicina, Dereito e Teoloxía**. Os centros universitarios de maior prestixio foron París, Oxford e Boloña.

A crise do século XIV

O século XIV foi un momento especialmente difícil para Europa:

- Produciuse un período de malas colleitas que levou á escaseza e ao incremento dos prezos dos produtos agrarios. Isto provocou fame e desnutrición.
- O enfrontamento provocado polo incremento do poder dos reis levou a guerras ao longo do territorio europeo. Entre eles destacan a **Guerra dos Cen Anos** entre Francia e Inglaterra. Esta situación incrementou a destrución e a perda de colleitas, tamén provocou un aumento dos impostos para manter os gastos das guerras. O campesiñado, esgotado, levou a cabo numerosas **revoltas campesiñas**, como as

- **jacqueries** de Francia. A estas se sumáronse as **revoltas urbanas**, nas que os grupos máis desfavorecidos reclamaban melloras.



O triunfo da morte. Peter Brueghel O Vello, 1562.

- No ano 1348 fixo a súa aparición a **Peste Negra**, epidemia orixinada en Asia e chegada a Europa a través das rutas comerciais marítimas. As malas condicións da poboación, sumadas a un total descoñecemento de como afrontar a praga e á mortalidade da enfermidade en si, provocaron unha catástrofe, pois matou case a terceira parte da poboación europea.

Actividades propostas

- S8. Indique como funcionaban os gremios medievais.
- S9. Enumere e explique de forma sintética as causas da crise do século XIV.

▪	
▪	
▪	

2.2 A Idade Media na Península Ibérica

A Idade Media da Península Ibérica vai estar marcada polo contacto entre diversas culturas, os reinos cristiáns, o mundo musulmán e a cultura xudía. Altéranse períodos de convivencia pacífica con outros de maior intolerancia. Ao igual que no caso da antigüidade e da Hispania Romana, esta época é unha base fundamental para comprender o noso percorrido histórico e o noso presente.

2.2.1 As monarquías xermánicas na Península Ibérica

O reino suevo

Xunto a outros pobos xermanos, os suevos aproveitaron a debilidade do Imperio Romano durante o século V para internarse no seu territorio. Recibiron a presión doutros pobos, e tras atravesar Galia e cruzar os Pireneos, avanzaron ata a provincia de **Gallaecia**, onde se estableceron. Aquí fundaron un reino con capital en **Bracara Augusta** (Braga) que duraría 170 anos, entre os séculos V e VI. Acuñaron moeda propia

e tiveron enfrontamentos coa poboación galaico-romana e os outros pobos xermanos chegados á Península. Neste período tivo lugar a cristianización do territorio galaico. Destacan a figura de **Martiño de Dumio** e o peso cultural dos mosteiros.

Tras múltiples enfrontamentos, os suevos foron conquistados polos visigodos no ano 585, que converteron o territorio nunha provincia do seu reino.



O reino visigodo

Os visigodos entraron no territorio do Imperio Romano no século IV e recibiron, ao igual que no caso doutros pobos xermánicos, presión por parte dos hunos. Pouco a pouco, os visigodos someteron os demais pobos da Península Ibérica e unificárona baixo o seu poder.

Estableceron unha monarquía con capital en Toledo, unificaron as leis do territorio no **Foro Xulgo** e convertéronse ao catolicismo. A súa monarquía era electiva e tiveron lugar loitas sucesorias polo poder.

Para gobernar, os reis contaban coa **Aula rexia**, formada por magnates próximos ao rei e cos **concilios**, onde participaban o rei, a corte e os representantes do clero. Para facilitar a administración, o reino dividíase en provincias a cuxa fronte estaba un **dux**.

No ano 711 os árabes comezaron a invasión da península e poñían fin á hexemonía visigoda.

Actividades propostas

S10. Identifique as institucións que empregaba a monarquía visigoda para gobernar.

2.2.2 Al-Ándalus e os reinos cristiáns

Al-Ándalus

Al-Andalus é o nome que recibiu o Estado creado polos árabes e norteafricanos trala súa entrada na Península Ibérica a principios do século VIII. Fragmentado despois en múltiples reinos, a súa presenza perdurou ata finais do século XV, en época dos Reis Católicos. Os 800 anos de presenza musulmá na península, que compoñen un dos períodos máis ricos da nosa historia, están aínda moi presentes no eido cultural en cuestións tales como costumes e tradicións, arte e préstamos lingüísticos.

Fases da presenza musulmá na península

Os 800 anos de presenza musulmá na península poden dividirse nas seguintes etapas:

- **Fundación de Al-Ándalus.** Ao iniciarse o século VIII, a monarquía visigoda estaba en crise, no medio dunha guerra civil pola cuestión sucesoria: dous bandos enfrontábanse polo control do reino tras a morte do rei **Vitiza**. Aproveitando esta situación, as tropas musulmás entraron na península e conseguiron tomar todo o territorio salvo unha franxa no norte, pois atoparon pouca resistencia no seu avance. Para facilitar o control dos territorios, pactaron con parte da nobreza visigoda, respectaron as súas posesións. Do mesmo modo, non houbo a obriga de converterse á nova relixión e permitían a cristiáns e xudeus practicar as súas a cambio do pagamento dun imposto.
- **Os Omeias.** O goberno desta dinastía pode dividirse, á súa vez, en dúas etapas:
 - **O emirato.** Al-Ándalus converteuse nunha provincia do imperio islámico, ata que as loitas internas no califato provocaron o asasinato da dinastía gobernante (os **Omeias**), coa excepción dun único supervivente. Este supervivente, Abderramán I, conseguiu chegar a Córdoba. Alí proclamouse **emir** e declarou Al-Ándalus como reino independente no ano 756. Baixo os Omeias Al-Ándalus prosperou e converteuse nun país moi adiantado ao seu tempo, tanto no ámbito económico como cultural.
 - **O califato.** No ano 929 Abderramán III proclamouse **califa** e consolidou o poder dos Omeias na península. Baixo o seu reinado Al-Ándalus anexionou Tánxer e parte do Magreb. A corte dos califas converteuse nun lugar de esplendor científico e artístico.
- **Reinos de taifas e período almorábide.** O esplendor da etapa Omeia rematou a causa dunha guerra civil entre os sucesores do califa. O Estado dividiuse en múltiples reinos, as **Taifas**. As rivalidades entre reinos facilitaron o avance dos reis

cristiáns, que por vez primeira conseguían avanzar a territorio musulmán e incluso cobralles tributo a cambio de protección. Esta situación asustou as taifas, que lle pediron axuda ao sultán **almorábide** do norte de África. Os almorábides conseguiron repeler os reis cristiáns, pero tomaron Al-Ándalus baixo o seu control.



- **Os almohades e o último reino nazarí.** O poder dos almorábides comezou a minguar no século XII, cando foron substituídos por outro pobo bérber: os **almohades**. Estes conseguiron éxitos iniciais contra os reinos cristiáns, pero a partir do século XIII comezan a coñecer derrotas e o seu poder caeu e volveron a unha situación de reinos de taifas. Aproveitando isto, os reinos cristiáns tomaron boa parte do territorio e como último reino supervivente quedou o **reino nazarí** de Granada. Este rendeuse finalmente en 1492, ante os Reis Católicos.

A sociedade de Al-Ándalus

A sociedade andalusí resultaba heteroxénea, era o grupo máis poderoso unha **minoría árabe** formada polos conquistadores do territorio e máis os seus descendentes. Esta minoría acaparou postos de poder e terras, o cal provocou disputas e enfrontamentos cos **bérberes**, que aínda que formaban parte do exército recibían un trato de segunda.

O resto da poboación era, na súa maior parte, descendente dos hispano-visigodos. Dividíanse en relación a criterios relixiosos, así temos:

- **Mozárabes.** Eran aqueles cristiáns que decidiron manter a súa relixión e costumes, a cambio do cal pagaban uns impostos. No século IX, e debido aos conflitos cos reinos cristiáns, parte dos mozárabes decidiron abandonar o territorio musulmán e outros tantos arabizáronse, isto fixo que se converteran nun grupo cada vez máis pequeno.

- **Muladíis.** A maior parte da poboación de Al-Ándalus. Os muladíis eran conversos ao Islam ou herdeiros destes conversos. Esta conversión ía asociada ás vantaxes económicas e sociais que no mundo musulmán tiña abrazar a súa relixión.
- **Xudeus.** Ao igual que os mozárabes, os xudeus pagaban impostos por manter a súa relixión e costumes. Contribuíron ao esplendor da cultura de Al-Ándalus, aínda que sufriron persecucións (como as da época almohade) e debían vivir en barrios separados dentro das cidades.

No último chanzo da sociedade atopábanse os **escravos**, que eran sometidos a traballos de gran dureza e ao servizo doméstico.

Os reinos cristiáns

Cando os musulmáns entraron na Península Ibérica no século VIII, pequenos grupos de cristiáns refuxiáronse nas montañas do norte. Pouco a pouco estes reinos medraron e foron tomando territorios na península. Chamáronlle a este proceso “**Reconquista**”, pois desexaban verse a si mesmos como herdeiros do reino visigodo, e, polo tanto, como lexítimos posuidores do territorio da península. Igualmente, empregaron como sinal de identidade e como ferramenta propagandística o carácter relixioso que lle proporcionaron a este avance, presentándoo como unha loita contra os infieis.

Estes reinos eran os seguintes:


- O reino de Galicia, Asturias e León, que a comezos do século X chegaba ata o río Douro. Deste reino separouse o de Castela, que foi consolidando a súa forza ata unirse de novo co reino de León en 1230, co rei Fernando III.
- Nos Pireneos apareceron os reinos de Navarra e de Aragón, xunto aos condados cataláns. O reino de Aragón e os condados cataláns uníronse no século XII, formaron a Coroa de Aragón.
- Portugal. Os condados do sur de Galicia, parte do seu reino, independizáronse no 1128 e continuaron unha expansión territorial cara ao sur.

O avance dos reinos cristiáns

Este proceso foi lento, e tivo as seguintes fases:

- **O avance ata o Douro.** Nos séculos IX e X produciuse un aumento da poboación dos reinos cristiáns. Comunidades de campesiños colonizaron terras e fundaron aldeas en zonas nas que os musulmáns tiñan escaso interese.

- **A conquista dos vales do Texo e do Ebro.** Esta fase coincide coa fragmentación do califato de Córdoba nos reinos de Taifas. Os reinos cristiáns aproveitáronse durante os séculos XI e XII da debilidade destes territorios para avanzar e forzalos a pagar unhas fortes cantidades de ouro a cambio de non atacalos (as **parias**).
- **A conquista do val do Guadalquivir.** Ante a forza militar dos almohades, os reinos cristiáns uniron as súas forzas e conseguiron unha gran vitoria militar nas **Navas de Tolosa**, no ano 1212. A partir deste punto, o avance dos reinos cristiáns sobre o territorio musulmán non se detén, ata quedar soamente o reino nazarí de Granada.



Sociedade e organización dos reinos cristiáns

Os reinos cristiáns basearon a súa **organización** no control da terra e no poder militar. Así, estaban dirixidos por un **rei** que guiaba o exército e que se desprazaba con asiduidade, o cal provocaba que a corte fose itinerante. Para garantir o control da terra conquistada, estes reis entregaron primeiro terras a **campesíños libres** para que as colonizasen. Posteriormente, e a medida que avanzaron no territorio musulmán, foron entregando as terras **á nobreza, á Igrexa e ás ordes militares**, e os campesíños que traballaban estas terras eran servos.

En canto á **sociedade**, a dos reinos cristiáns comparte boa parte das características coa do feudalismo, pois había:

- Unha minoría de nobres e altos cargos da Igrexa que controlan o poder.
- Unha maioría da poboación composta por campesíños, nunha situación de servidume.

Xunto a isto, e ao igual que no caso do territorio musulmán, os reinos cristiáns tiveron nos seus territorios a poboación doutras relixións:

- Os **mudéxares** eran musulmáns que vivían no territorio conquistado polos cristiáns, e aos que se lles permitía manter a súa lingua, relixión e costumes. Eran por norma de extracto social humilde. A partir do século XIII comezou a producirse un clima de intolerancia, que acabaría desembocando na conversión forzosa dos mudéxares no século XV. Pasaron a chamarse **mouriscos**.
- Os **xudeus** gozaban de maior tolerancia, posto que se necesitaban os seus coñecementos en administración e en comercio. Moitos dos xudeus sabían árabe, así que eran empregados como intermediarios entre os musulmáns e os cristiáns. Ademais apreciábanse os seus coñecementos en medicina e a miúdo foron médicos reais, tanto en Castela como en Aragón.

Actividades propostas

S11. Entre na ligazón para ver os cambios territoriais que se producen na Península Ibérica. Indique a que fases da historia de Al-Ándalus e do avance dos reinos cristiáns se corresponde cada unha das datas sinaladas.

<http://explorethemed.com/reconquistaEs.asp?c=1>

▪ 756	
▪ 940	
▪ 1036	
▪ 1162	
▪ 1212	
▪ 1265	
▪ 1492	

S12. Defina os seguintes termos.

▪ Mozárabe	
▪ Muladí	
▪ Mudéxar	
▪ Mourisco	

2.2.3 Galicia durante a Idade Media


Como xa vimos, no século V e antes de acabar de Idade Antiga constitúise na Gallaecia romana o reino suevo, que pode considerarse o primeiro reino xermánico de toda Europa Occidental. A súa duración foi curta, xa que foi absorbido polos visigodos no século VI.

No século VIII, e coa caída da monarquía visigoda, xorde o reino de Galicia e Asturias. Posteriormente uniuse ao reino leonés, viviu ocasionalmente períodos independentes nos séculos X e XI.

No século XIII Galicia sufriu a escisión dos condados do sur do Miño, que se constituíron no reino de Portugal. Posteriormente, quedou integrada dentro do reino de Castela e conservou a propia condición de reino pero sen institucións propias de goberno.

Os trazos máis destacados da Galicia medieval serían os seguintes:

- No **terreo social** ten especial peso a alta xerarquía eclesiástica, bispos e abades, que se erguerán coma os principais principais propietarios de terra. Destaca o poder do **arcebispo de Santiago** e de **mosteiros** como o de Samos, Sobrado, Armenteira ou Celanova. Dentro das **familias da nobreza** alcanzaron grande importancia nos séculos XIV e XV as familias dos Andrade, Osorio, Soutomaior, Ulloa e Sarmiento. O campesiñado era o 90% da poboación.



- En relación á **economía**:
 - A base era a **agricultura**, e a terra era traballada polo campesiñado a través dun contrato de arrendamento: o **foro**. Neste tipo de contrato, a cambio dunha renda fixa a longo prazo (varias xeracións) e da prestación de servizos persoais aos señores, o campesiñado beneficiábase do uso da terra, mais sen acceder nunca á propiedade desta.

- Nos séculos XII e XIII desenvolveuse a agricultura e aumentou a poboación, co que se ampliaron as terras de cultivo e creáronse novos núcleos de poboación: as chamadas **vilas novas**. É nesta época cando se fixa a distribución parroquial que coñecemos na actualidade.
- Nas **ciudades** asentábanse os artesáns: zapateiros, ferreiros etc. En Santiago, como meta do Camiño, abundaban prateiros e acibecheiros, para atender a demanda dos peregrinos. Nalgunhas vilas da costa había salgadura de peixe, polo aumento da actividade pesqueira. Este incremento xeral da produción activou o comercio e multiplicáronse as feiras e os mercados.
- No eido cultural:
 - A lingua galega tivo un gran desenvolvemento. A lírica foi de gran importancia e recolleuse en cancioneros. **Afonso X** de Castela compuxo en galego as Cantigas de Santa María. No século XV, despois da incorporación ao reino de Castela, o galego comezou a perder usos como lingua escrita.
 - Tras o achado do suposto sepulcro do apóstolo **Santiago** a comezos do século IX, desenvolveuse rapidamente o culto xacobeo. O desenvolvemento do camiño a partir do século XI reforzará o papel de Compostela e o poder do arcebispo da cidade (entre os que destaca **Xelmírez**), facilitará o comercio e os contactos cos outros reinos cristiáns.
 - Desde o século XI ata o XIII Galicia viviu un apoxeo cultural e grazas ás innovacións que chegaban desde o Camiño de Santiago, a arte, a música e a literatura recibiron un gran pulo.

As tensións de finais da Idade Media afectaranlle tamén a Galicia. As malas colleitas e a Peste Negra provocarán unha situación ao límite, que levará á unión dos campesiños e dos pequenos burgueses contra os abusos dos nobres. Isto culminará nas **revoltas Irmandiñas** de mediados do século XV, unha das maiores revoltas do seu tempo:

- A primeira revolta Irmandiña estalou en 1431 contra os Andrade, creouse así a **Irmandade Fusquenlla** polo maltrato exercido sobre os campesiños. Os irmandiños, dirixidos polo fidalgo **Roi Xordo**, foron derrotados.
- En 1467 estalou a **Gran Guerra Irmandiña**, que se estendeu por toda Galicia. Nun principio os irmandiños levan a dianteira, pois contan cunha gran cantidade de efectivos (aproximadamente 80.000 individuos): moitos nobres fuxiron de Galicia e foron derrubadas unhas 130 fortificacións. En 1469 a nobreza, dirixida por Pedro Madruga e Pardo de Cela, derrotou os irmandiños. O apoio das monarquías de Castela e Portugal, xunto aos medios avanzados dos que dispuñan os señores feudais (tales como **arcabuces**) e a división dos propios irmandiños inclinaron a balanza.

Actividades propostas

S13. Explique en que consistía o foro galego.

S14. Indique que efectos tivo o Camiño de Santiago na Galicia medieval.

2.3 A arte medieval

A arte medieval cobre un longo período de tempo, existen múltiples movementos e tendo cada cultura estilos propios e diferenciados. Ao mesmo tempo, o número de medios de expresión é amplo: arquitectura, escultura, ourivería, iluminación de manuscritos, pintura etc.

Acudiremos así aos estilos máis representativos: dentro do mundo dos reinos cristiáns observaremos a evolución do **románico** e do **gótico**. Veremos tamén unha panorámica da **arte musulmá**.

2.3.1 A arte románica

O Románico desenvolveuse especialmente entre os séculos XI e XII. Vai precedido pola arte prerrománica, que entre os séculos V e X combina elementos clásicos cos do mundo xermánico, preparando o camiño para o desenvolvemento deste estilo. O Románico é un estilo artístico internacional, xa que hai características en común en todos os territorios nos que se implantou.

A arte cristiá, tanto no caso do románico como do gótico está moi vencellada á Igrexa. Era vista como un acto de ofrenda ante Deus, ao mesmo tempo que unha demostración de poder polas forzas que poden financiar a arte (Igrexa e nobreza). O románico posúe tamén unha **función pedagóxica**, xa que as esculturas e pinturas que decoraban igrexas e catedrais buscaban achegar o mensaxe bíblico a uns fieis que, na súa meirande parte, eran vítimas do analfabetismo.


A expansión deste estilo por Europa está relacionado con dous elementos:

- A importancia da **orde de Cluny**, que constrúe un gran número de mosteiros durante o século XI, empregaba como estilo o románico.
- O auxe das **rotas de peregrinación**, entre as que destaca a de Santiago de Compostela, e que vai facer que aparezan múltiples igrexas e catedrais nas rotas de peregrinación, de características semellantes.

Arquitectura

Os edificios do Románico eran de muros grosos e escasa iluminación. As súas cubertas repousaban sobre **arcos de medio punto** e grosas columnas. Na arte románica atopamos principalmente igrexas, catedrais e mosteiros.

Nas **igrexas** destacan as **de peregrinación**, que adoitaban ter planta de cruz latina en evocación da crucifixión de Cristo. O brazo longo da cruz podía ter varias **naves** e remataba no lugar onde estaba o altar, a **ábsida**. O brazo curto recibía o nome de **transepto**. Para que os peregrinos puidesen visitar estas igrexas sen afectar o desenvolvemento do culto, construíase un corredor que percorría o exterior da ábsida, o **deambulatorio**.



Planta da catedral de Santiago de Compostela.

Escultura

A escultura románica toma habitualmente a forma do **relevo**, xa que está pensada para



Pórtico da Gloria, Santiago de Compostela.

decorar o interior e o exterior dos edificios da época. Ten a función de representar episodios bíblicos, para que poidan ser comprendidos polos fieis. Por este motivo, non é unha escultura naturalista, senón **esquemática**, e adecuada ao espazo no que se sitúa. Ao mesmo tempo, resulta moi **expresiva** para poder cumprir a súa función **didáctica**. Aínda que co paso do tempo perdéronse boa parte das

cores, nos seus inicios a escultura era **policromada**.

Pintura

A pintura comparte características coa escultura: posúe tamén unha función didáctica, representa temas relixiosos e as figuras adoitan ser **esquemáticas** e en **posicións ríxidas**. A pintura decoraba o exterior e o interior dos templos. Empregaba **vivas cores** para compensar a escasa iluminación dos interiores, e resaltaba o contorno das figuras cunha grossa liña negra. Por norma, non había representación de paisaxe no fondo. A técnica que se empregaba era a da pintura ao **fresco**.




Bóveda do panteón real de San Isidoro de León.

Actividades propostas

S15. Que quere dicir que a arte románica tiña unha función pedagóxica e didáctica? Que efectos tiña isto nas representacións da escultura e da pintura?

2.3.2 A arte gótica

A arte gótica vaise desenvolver a partir da segunda metade do século XII e está vencellada inicialmente a Francia. Pola importancia que van a cobrar as cidades e o comercio desde o século XIII, vai ser unha arte de marcado **carácter urbano** e relacionada non soamente coa Igrexa, senón tamén con edificios de uso civil. Xunto ás igrexas, catedrais e mosteiros atopamos lonxas, concellos, palacios, universidades etc.



Exterior da catedral de Amiens, século XIII.

Arquitectura

Grazas ao emprego de novas técnicas como o **arco apuntado**, **a bóveda de cruzaría e os arcobotantes**, os edificios vólvense máis altos e esveltos no gótico, por iso é posible abrir espazos moito máis amplos para que entre a luz. Aparecen así o **rosetón** e as **vidreiras**. A **catedral** convértese en símbolo das cidades, xa que están no seu centro e é o edificio máis alto. A planta das igrexas mantense na cruz latina, pero engade unha maior complexidade ás cabeceiras dos templos.

Escultura

A escultura gótica mantén algúns elementos do Románico: a función educativa das obras, o predominio das temáticas relixiosas, a policromía. Hai, non obstante, cambios de importancia: maior **naturalismo**, detalle e maior busca de transmitir **movemento**. Aparece tamén a **escultura exenta**, liberada do marco, e atopamos **retratos** de figuras relevantes da sociedade da época.



Anxo do sorriso, catedral de Reims. Século XIII.

Pintura



A adoración do cordeiro místico, de Jan Van Heyck. Gante, século XV.

As vidreiras substituíron os amplos programas de decoración pictórica dos templos e isto levou a cambios de soporte na pintura. Nesta época cobra importancia a pintura sobre táboa, nos **retablos**. Xunto aos temas relixiosos, cobran importancia os retratos. Hai unha maior busca do **realismo**, da **expresividade** e do **movemento**. Tamén se introducen **paisaxes** nos fondos e aparece unha nova técnica

que permite un traballo minucioso, con gran detalle: o **óleo**.

Actividades propostas

S16. Compare as características da escultura e pintura do Románico e do Gótico.

▪ Arquitectura	
▪ Pintura	

2.3.3 A arte musulmá

A arte musulmá estivo, ao igual que no territorio cristián, moi ligada á relixión. A prohibición de representación de imaxes con carácter relixioso levou a que a escultura e a pintura tiveran soamente un carácter ornamental. A arquitectura foi a arte predominante no mundo musulmán. Nos seus comezos tomou elementos doutras civilizacións, tales como a romana, a bizantina ou a persa. Xunto a isto, a cultura musulmá medieval coñeceu un gran desenvolvemento das chamadas **artes menores**, ligadas á artesanía nos traballos do metal, vidro, cerámica, madeira etc.

Arquitectura

En arquitectura atopamos edificios relixiosos, as **mesquitas**, e arquitectura civil, na que atopamos edificios tales como **fortalezas, palacios e baños públicos**.

A decoración en ambos os casos é moi austera no exterior e rica no interior.

Empréganse materiais baratos tales como ladrillo e madeira na construción dos edificios, pero nos elementos decorativos emprégase mármor, xeso, cerámica, madeira etc. O pouco peso dos materiais e que os edificios tiñan dimensións regulares, sumado ao coñecemento do arco e da bóveda, permitiu empregar columnas e piares esveltos nos edificios.



Mesquita da Rocha. Xerusalén, século VII.

Escultura e pintura

Estas artes están vencelladas a cuestións ornamentais dentro da cultura musulmá, que tiñan a función de cubrir as superficies dos edificios. Atopamos distintos tipos de decoración, tales como: decoración **xeométrica**, **vexetal** (coa representación de pequenas follas), **arabesca** (enlaza elementos xeométricos e vexetais) e **caligráfica** (formada por textos relixiosos).



Mihrab da mesquita de Córdoba.

Actividades propostas

S17. Indique as características da arquitectura musulmá medieval.

3. Resumo de contidos

A Idade Media abrangue un longo espazo de tempo, desde a caída do Imperio Romano de Occidente (476 d. C.) ata a chegada da Idade Moderna no século XV. A **economía** vólvese feudal e rural; a **sociedade** vólvese estamental; na **política** aparecen múltiples reinos; na **cultura** a visión vira cara o teocentrismo.

No eido **cronolóxico**, podemos dividir este espazo de tempo en Alta Idade Media (do s.V ao s XI) e Baixa Idade Media (do s. XI ao s. XV).

Os reinos xermanos e o Imperio Carolinxio

Desde o século III, o Imperio Romano de occidente estaba en crise. Pouco a pouco, o Imperio Romano de Occidente comezou a perder territorio fronte ás invasións dos **pobos xermanos** e dos **hunos**. Tamén o perdeu por cederllo aos seus aliados. Un deles, Odoacro, traizoou os romanos e derrocou o último emperador, Rómulo Augusto.

Os reinos xermanos

Do século V ao VII consolidáronse múltiples **reinos** independentes en Europa, destacaban os dos **ostrogodos**, **francos**, **anglos** e os **saxóns**; **vándalos**, **suevos** e **visigodos**. Estes pobos compartían unha serie de características en común:

- No **político**, o poder estaba baixo o control dos **reis**, que pouco a pouco conseguiron facerse cun poder vitalicio e hereditario. Parte das antigas asembleas de guerreiros convertéronse en nobres e participaron na corte.
- No plano **social**, baixo o rei estaban os nobres (duques e condes) e os altos cargos eclesiásticos (bispos). Por debaixo deles estaban os individuos libres e, finalmente, os servos, que traballaban a terra.
- No terreo **económico**, a base era a **agricultura** e o poder derivaba da terra posuída. O comercio, as cidades e mesmo a moeda entraron en retroceso.
- No eido **cultural** apareceron códigos de leis, espallouse o cristianismo e xurdiron novos idiomas. No terreo das artes destaca a produción de arte moble.

O Imperio Carolinxio

No século VIII, o reino xermano dos francos viviu un cambio de dinastía: os reis merovinxios foron destronados e chegou ao poder **Pipino o Breve**. O seu fillo **Carlomagno** tomou o control do reino no 768 e consolidou os avances do seu

antecesor. O seu obxectivo era dobre: reinstaurar o Imperio Romano de Occidente e consolidar o cristianismo en Europa. Para isto levou a cabo múltiples guerras que lle permitiron expandir as súas fronteiras. Foi nomeado emperador no ano 800 polo papa. As principais características do seu reino foron:

- En **política**, Carlomagno reforzou o seu poder a través da administración e dividiu o territorio en condados e marcas. Como inspectores empregou aos **missi dominici**.
- A agricultura era a base da **economía**, e a nobreza tiña o control da maior parte das terras. Houbo un relanzamento do comercio e colocouse unha moeda oficial: a **libra**.
- Na cúspide da **sociedade** estaba a nobreza e o alto clero. Por debaixo deles os **individuos libres** e finalmente os **servos**.
- No terreo **cultural**, Carlomagno impulsou un renacemento cultural, con múltiples escolas nas que destaca a Escola palatina de Aquisgrán. Rodeouse de sabios que procuraron recuperar o saber da antigüidade e condensar un corpus de coñecementos. Nas artes destaca a arquitectura, que imita formas romanas e bizantinas.

O Imperio Carolinxio viuse dividido á morte de Carlomagno, xa que, aínda que foi herdado inicialmente polo único sobrevivente dos seus fillos, os seus netos enfrontáronse polo control do territorio.

O Imperio Bizantino

O Imperio Romano de Oriente ou Imperio Bizantino sobreviviu á caída de Roma no 476 d. C. e existiu ata o ano 1453. Durante case mil anos, o imperio fusionou elementos da cultura grega e romana: Constantinopla considerábase sucesora de Roma.

O momento de maior auxe do Imperio Bizantino correspóndese co reinado de **Xustiniano**, no século VI, que conseguiu estenderse polo norte de África, a Península Itálica e o sur da Península Ibérica. Obtivo tamén unha época de grande esplendor cultural. Nos séculos posteriores o imperio foi perdendo territorios e sufriu conflitos internos, ata caer no 1453 nas mans de Turquía.

En canto a trazos xerais do Imperio Bizantino:

- Na **organización política**, o emperador ou **basileus** contaba cun poder absoluto. Dependía dunha poderosa rede de funcionarios e dun **corpo diplomático**. O **Código de Xustiniano** estableceu as leis que se aplicaban en todo o imperio.
- No **terreo económico**, a **agricultura** ocupaba un papel fundamental. A gran propiedade da terra estaba nas mans da nobreza e da Igrexa. O comercio foi importante pola situación xeográfica de Constantinopla, e destacaba pola produción de **seda**.

- A **sociedade** bizantina foi de tipo piramidal. Na cúspide estaba o **basileus**. Por debaixo del estaba o patriarca de Constantinopla, o alto clero e a alta nobreza. Comerciantes, artesáns, soldados e campesiños libres integraban as clases medias. Na base da pirámide estaban os servos e os escravos.
- No **plano cultural**, o **grego** foi a lingua oficial do imperio. A relixión produciu disputas (como por exemplo a iconoclastia e o cisma de Oriente). Constantinopla recompilou obras clásicas en escolas, universidades e mosteiros. No terreo das artes, destacou a arquitectura coa construción de igrexas.

O mundo musulmán medieval

O nacemento do islam tivo lugar en **Arabia**, coa figura de **Mahoma**. Este comezou a predicar unha nova relixión monoteísta no século VII, o cal o levou a enfrontamentos e a fuxir da Meca (a **hégira**). Posteriormente conquistou esta cidade e Arabia. Os seus sucesores ampliaron as conquistas ata chegar á máxima expansión na época dos Omeia. A partir do século X, o islam sufriu un proceso de desintegración político debido a conflitos relixiosos e ao xurdimento de dinastías rexionais independentes.

As bases da relixión musulmá, recollidas no Corán, son: a profesión da fe, a oración, a esmola, o xaxún do Ramadán e a peregrinación á Meca.

Trazos xerais do mundo musulmán medieval

- No **ámbito político**, o dirixente do Imperio Islámico era o **califa**, que tiña un poder absoluto. Baixo del estaban gobernadores (**valíes e emires**) xuíces (**cadís**) e ministros (**visires**).
- En canto á **economía**, a base era unha agricultura moi avanzada. O comercio xogaba un papel importante e as cidades son as bases do comercio e o consumo. Acuñaron unha moeda propia, o dinar, e desenvolveron instrumentos financeiros e bancarios.
- A **sociedade** resultaba desigual, as mulleres estaban sometidas aos varóns e conformaban os árabes unha especie de aristocracia. Musulmáns e non musulmáns (que pagaban un imposto especial) convivían nos territorios conquistados. Na base da sociedade estaban os escravos.
- A **cultura** do mundo árabe foi considerablemente avanzada para o seu tempo pois asimilaron elementos orientais e grecolatinos. Crearon bibliotecas e traduciron gran cantidade de textos ao árabe. Grazas ao comercio tiveron contacto cos avances do seu tempo e destacaron en alquimia, matemáticas e medicina. No terreo das artes foi especialmente salientable o seu traballo en arquitectura coa construción de pazos e mesquitas.

O feudalismo e o papel da Igrexa

Coa división do imperio de Carlomagno no século IX, boa parte de Europa volveuse vulnerable a ataques e invasións. Distintos pobos lanzaron expedicións de pillaxe, entre os que destacan húngaros, piratas sarracenos e viquingos. Esta situación debilitou o poder dos monarcas, incapaces de repeler os ataques, e reforzou o poder dos señores locais. Isto levounos a un novo sistema: o **feudalismo**.

O feudalismo

Este sistema apareceu en Europa occidental e acadou o seu maior auxe entre os séculos XI e XIII. As bases do sistema eran as seguintes:

- Unha sociedade dividida en **estamentos**: a nobreza guerreira, os eclesiásticos e os campesiños.
- A **economía** estaba totalmente baseada na agricultura e na gandaría. O comercio diminuíu pola inseguridade, o cal levou a que as cidades tivesen menor importancia.
- O poder pasou a ser exercido polos nobres nos territorios da súa propiedade. Así, os señores feudais lexislaban, impuñaan impostos e administraban a xustiza.
- O sistema baseábase no establecemento de lazos de fidelidade e dependencia persoais, a **vasalaxe**. Este é un contrato no cal un home libre, o vasalo, prometíalle fidelidade ao señor feudal a cambio duns bens. A **servidume**, que consistía en entregar as posesións de boa parte do campesiñado, ou o seu traballo, ao señor feudal a cambio de protección.
- O sistema baseábase tamén na herdanza dos feudos e dos privilexios. A **liñaxe** determinaba a orixe social dun individuo, pois indicaba se pertencía ao estamento dos privilexiados ou non.

O papel da Igrexa

A Igrexa foi a única institución que seguiu funcionando despois da caída do Imperio Romano de Occidente que conseguiu unha posición de privilexio en Europa Occidental.

- No **plano político**, a Igrexa foi toda unha potencia. Lexitimou o poder e proporcionou a ideoloxía que mantiña o feudalismo e actuou de mediadora entre os monarcas.
- En canto á súa **organización interna**, estaba dividida en clero secular (cardeais, bispos, sacerdotes etc.) e clero regular (abades, freires, monxes e monxas).
- A Igrexa contaba cunha **gran forza económica** grazas as rendas da posesión da terra, ao décimo, e ás doazóns achegadas por canles tales como as peregrinacións.

- Na **extensión do cristianismo**, destaca o papel das **cruzadas** levadas a cabo en Terra Santa a partir do século XI.
- No **ámbito social**, o ritmo da vida cotiá estaba marcado polos ritos cristiáns, xunto ao cal dispuña de métodos para manter a orde a través do medo: a excomuñón e a Inquisición.
- No **eido cultural**, a Igrexa tiña un papel destacado pois financiaba obras de arte e rescataba obras clásicas, pero ao mesmo tempo exercía o papel de censora.

O renacemento das cidades

A partir do século XI comeza unha recuperación da poboación e peso das cidades europeas, que se vai ver favorecida nos séculos XII e XIII por melloras na agricultura, aumento da poboación e o incremento do comercio. Os trazos xerais do mundo urbano desta época son:

- A aparición dunha nova clase social, a **burguesía**. Tiñan como actividade principal o comercio e a artesanía. Pertencían ao grupo dos non privilexiados.
- Os artesáns organizábanse en **gremios**. Non se podía exercer unha profesión sen pertencer a un gremio. Os **mestres artesáns** decidían as condicións de traballo.
- Producíronse **disputas polo control das cidades**. Os burgueses loitaron polo dereito de gobernarse a si mesmos e contaban co apoio dos reis, interesados en reducir o poder da nobreza e de contar con novos aliados.
- Foron lugares de **transmisión de coñecementos**. Apareceron escolas urbanas e no século XIII as primeiras universidades, entre as que destacan Oxford, París e Boloña.

A crise do século XIV

O século XIV foi un momento especialmente difícil para Europa:

- Produciuse un período de malas colleitas, que provocou a escaseza e o incremento dos prezos dos produtos agrarios. Isto trouxo fame e desnutrición.
- O enfrontamento provocado polo incremento do poder dos reis levou a guerras ao longo do territorio europeo e a escaseza provocou revoltas campesiñas e urbanas.
- No ano 1348 fixo a súa aparición a **Peste Negra**, epidemia orixinada en Asia e chegada a Europa a través das rutas comerciais marítimas, que matou ao redor da terceira parte da poboación europea.

Os reinos xermánicos na Península Ibérica

Destacan dous reinos, o dos suevos e o dos visigodos:

- Os suevos estableceron un reino en Gallaecia e con capital en Braga, que perdurou durante 170 anos ata a conquista por parte dos visigodos.
- Coa caída do Imperio Romano, os visigodos tomaron o poder na Península Ibérica. Estableceron un reino con capital en Toledo. Unificaron as leis no Foro Xulgo e empregaron a Aula rexia e os concilios como institucións para facilitar a toma de decisións.

Al-Ándalus

Al-Andalus é o nome que recibiu o Estado creado polos árabes e norteafricanos trala súa entrada na Península Ibérica a principios do século VIII. Os 800 anos de presenza musulmá na península poden dividirse nas seguintes etapas:

- **Fundación de Al-Ándalus.** Ao iniciarse o século VIII, as tropas musulmás entraron na península e conseguiron tomar todo o territorio agás unha franxa no norte.
- **Os Omeias.** O goberno desta dinastía pode dividirse, en dúas fases: emirato (756-929) e califato (929-1031). Baixo os Omeias Al-Ándalus prosperou e converteuse nun país moi adiantado ao seu tempo, tanto no plano económico como no cultural.
- **Reinos de taifas e período almorábide.** O esplendor da etapa Omeia rematou a causa dunha guerra civil entre os sucesores do califa. O Estado dividiuse en **taifas**. Os almorábides foron chamados para repeler ao avance cristián.
- **Os almohades e o último reino nazarí.** O poder dos almorábides comezou a minguar no século XII, cando foron substituídos por outro pobo bérber: os **almohades**. Estes serán derrotados no século XIII polos reinos cristiáns, que rematan de conquistar o territorio da península no século XV.

A sociedade andalusí era heteroxénea, o grupo máis poderoso tiña unha **minoría árabe**, que empregaba aos **bérberes** como forzas guerreiras. O resto da poboación dividíase en relación a criterios relixiosos. Así había: **mozárabes**, cristiáns que decidiron manter a súa relixión e costumes; **muladí**s, conversos ao islam ou herdeiros destes conversos; **xudeus**, pagaban impostos por manter a súa relixión e costumes. No último chanzo da sociedade atopábanse os **escravos**.

Os reinos cristiáns

Cando os musulmáns entraron na Península Ibérica no século VIII, pequenos grupos de

cristiáns refuxiáronse nas montañas do norte. Pouco a pouco estes reinos medraron e foron tomando territorios na península entre os que destacan o reino de Castela-León, Aragón e Portugal. Avanzaron tomando territorios na península. Entre os séculos IX e X chegaron ata o val do Douro; nos séculos XI e XII ata os vales do Texo e do Ebro, e no século XIII chegaron ata o val do Guadalquivir. Tomaron o último reino de taifas no século XV.

Basearon a súa **organización** no control da terra e no poder militar. Os reis entregaron primeiro terras a **campesiños libres** para que as colonizasen. Posteriormente foron entregando as terras **á nobreza, á Igrexa e ás ordes militares**, pero eran os servos os campesiños que traballaban estas terras.

En canto á **sociedade**, había unha minoría de nobres e altos cargos da Igrexa e unha maioría de campesiños. Os musulmáns que vivían no territorio conquistado, recibiron o nome de **mudéxares**. Os xudeus gozaron de certa tolerancia polos seus coñecementos especializados.

Galicia na Idade Media

No século V constituíse na Gallaecia romana o reino suevo, que foi absorbido polos visigodos no século VI. No século VIII, nace o reino de Galicia e Asturias. Posteriormente uniuse ao reino leonés. No século XIII Galicia sufriu a escisión do reino de Portugal. Posteriormente, quedou integrada dentro do reino de Castela. Os trazos máis destacados da Galicia medieval serían os seguintes:

- No **terreo social**, ten especial peso a alta xerarquía eclesiástica, bispos e abades. Destaca o poder do arcebispo de Santiago e dos **mosteiros**.
- En relación á **economía**, a base era a **agricultura**. A terra era traballada a través dun contrato: o **foro**. Nas **ciudades** asentábanse os artesáns: zapateiros, ferreiros etc.
- No eido **cultural** A lingua galega tivo un grande avance. Tras o achado do suposto sepulcro do apóstolo **Santiago** a comezos do século IX, desenvolveuse rapidamente o culto xacobeo. Dende o século XI ata o XIII, Galicia viviu un importante apoxeo cultural.

As tensións de finais da Idade Media afectarán tamén a Galicia nas **Revoltas Irmandiñas** de mediados do século XV. A primeira Revolta Irmandiña estalou en 1431 contra os Andrade, e en 1467 estalou a **Gran Guerra Irmandiña**, que se estendeu por toda Galicia. Verdadeira guerra civil, os irmandiños foron derrotados pola unión das forzas da nobreza en 1469.

A arte medieval

O Románico

O Románico desenvolveuse especialmente entre os séculos XI e XII. É un estilo artístico internacional, xa que hai características en común en todos os territorios nos que se implantou. Está moi vencellada á Igrexa, como acto de ofrenda ante Deus, demostración de poder e ferramenta **pedagóxica**. A súa expansión está vencellada á extensión dos mosteiros da orde de Cluny e das rutas de peregrinación. As súas características son:

- En **arquitectura**, os edificios eran de muros grosos e escasa iluminación. Destacan as igrexas de peregrinación, de planta de cruz latina e con deambulatorio.
- A **escultura** toma habitualmente a forma do **relevo**. É didáctica, esquemática, expresiva e policromada.
- A **pintura** comparte características coa escultura: posúe tamén unha función didáctica, representa temas relixiosos e as figuras adoitan a ser esquemáticas e en posicións ríxidas. É unha pintura de cores vivas e realizada ao **fresco**.

O Gótico

A arte gótica vaise desenvolver a partir da segunda metade do século XII, vencellado ao desenvolvemento das cidades e do comercio. As súas características son:

- En **arquitectura** aparecen edificios máis altos e esveltos con espazos amplos para que entre a luz. A catedral convértese no edificio máis representativo das cidades.
- A **escultura** gótica incorpora innovacións: maior naturalismo e detalle, busca transmitir o movemento. Reaparecen a escultura exenta e os retratos.
- Na **pintura** temos retablos e unha nova técnica, o óleo. Como trazos máis salientables, perséguese o realismo, a expresividade e o movemento. Tamén se introducen paisaxes nos fondos.

Arte musulmá

A arte musulmá estivo, ao igual que no territorio cristián, moi ligada á relixión. A arquitectura foi a arte predominante e tomou elementos doutras civilizacións, como a romana, a bizantina ou a persa. Xunto a isto, a cultura musulmá medieval coñeceu un gran desenvolvemento das chamadas **artes menores**, ligadas á artesanía.

- En **arquitectura** atopamos edificios relixiosos, as mesquitas, e arquitectura civil (fortalezas, palacios e baños públicos). A decoración en ambos os casos é moi austera no exterior e rica no interior. Empréganse materiais baratos na construción dos edificios. Coñecían o arco e a bóveda.
- **Escultura e pintura** están vencelladas a cuestións ornamentais. Atopamos distintos tipos de decoración: xeométrica, vexetal, arabesca e caligráfica.

4. Actividades complementarias

As seguintes actividades propostas están especialmente dirixidas aos grupos presenciais, por unha cuestión de tempos dispoñibles, maiores posibilidades de organización de grupos de traballo e de dedicación de sesións a actividades tales como a exposición oral e o debate. Iso non debe ser óbice para que o profesorado que o considere oportuno empregue as seguintes propostas de cara a favorecer a formación dos grupos de ensino semipresencial tal e como considere axeitado.

S18. Traballo de investigación: “A música medieval no Camiño de Santiago”. Elabore un informe (300-500 palabras) destinado á exposición na aula no que indique as características xerais da música da época, o papel do músico na sociedade e os efectos do *camiño* sobre a música. Pode empregar as seguintes ligazóns como punto de referencia.

<https://es.slideshare.net/mgonyan526/la-msica-en-el-camino-de-santiago>

<http://coralea.com/musica-y-camino-de-santiago-por-alberto-solana-de-quesada/>



5. Exercicios de autoavaliación

1. Que figuras dos reinos xermanos chegan a rivalizar en poder cos propios reis?

- Os bispos.
- Os condes.
- Os mordomos de palacio.
- Os servos.

2. Onde estaba a capital do Imperio Carolinxio?

- Aquisgrán.
- Roma.
- Constantinopla.
- Rávena.

3. Cal era a lingua que se falaba no Imperio Bizantino?

- O latín.
- O grego.
- O italiano.
- O árabe.

4. Cal é o libro sagrado do islam?

- A Biblia.
- O Talmud.
- O Tripitaka.
- O Corán.

5. Cal dos seguintes grupos pertencía ao estamento dos privilexiados?

- Os eclesiásticos.
- Os campesiños.
- Os artesáns.
- Os comerciantes.

6. Que era o décimo?

- Un tipo de fortificación.
- Un tipo de imposto.
- Un instrumento para facilitar o labor do comercio.
- Un tipo de contrato de vasalaxe.

7. Que nova clase social aparece durante o renacemento das cidades medievais?

- A nobreza.
- O clero.
- A burguesía.
- O campesiñado.

8. En que século chegou a Peste Negra a Europa?

- Século XI.
- Século XII.
- Século XIII.
- Século XIV.

9. Que pobo xermánico estableceu no século V un reino en Gallaecia?

- Os visigodos.
- Os alanos.
- Os vándalos.
- Os suevos.

10. Un converso cristián ao islam en Al-Ándalus era un...

- Mozárabe.
- Muladí.
- Mudéxar.
- Mourisco.

11. Que nome recibían os tributos que lles cobraban os reinos cristiáns aos reinos de taifas?

- Parias.
- Gavelas.
- Foros.
- Alcabalas.

12. Que nome recibía o contrato agrario máis frecuente na Galicia medieval?

- Mita.
- Foro.
- Cabido.
- Linde.

13. A planta das igrexas de peregrinación era...

- De cruz grega.
- De cruz latina.
- Circular.
- De salón.

14. Que nova técnica de pintura aparece no Gótico?

- Dripping.
- Fresco.
- Aerografía.
- Óleo.

15. Que edificio relixioso e característico da arte musulmá?

- A catedral.
- A acrópole.
- A mesquita.
- A pagode.

6. Solucionario

6.1 Solucións das actividades propostas

S1. *Resuma os principais trazos dos reinos xermanos no seguinte esquema.*

▪ Política	O poder estaba baixo o control dos reis, que pouco a pouco conseguiron facerse cun poder vitalicio e hereditario. Parte das antigas asembleas de guerreiros convertéronse en nobres e participaron na corte.
▪ Sociedade	Na cúspide estaba o rei. Baixo o rei estaban os nobres (duques e condes) e altos cargos eclesiásticos (bispos). Por debaixo deles estaban os individuos libres e, finalmente, os servos, que traballaban a terra.
▪ Economía	A base da economía era a agricultura e o poder derivaba da terra posuída. O comercio, as cidades e mesmo a moeda entraron en retroceso.
▪ Cultura	No eido cultural apareceron códigos de leis, espallouse o cristianismo e xurdiron novos idiomas. No terreo das artes destacaba a produción de arte moble.

S2. *Indique as características do renacemento cultural bizantino*

No terreo cultural , Carlomagno impulsou un <u>renacemento cultural</u> : <ul style="list-style-type: none">▪ Impulsou a creación de escolas, tanto para os funcionarios como para os eclesiásticos e crearon nestas amplas bibliotecas. Destaca a Escola palatina, onde procurou reunir os individuos máis sabios da súa época e dende onde quixo rescatar as grandes obras da antigüidade.▪ A Escola palatina instituíu un corpus de coñecementos que procuraba sintetizar o saber da época. Dividiase en:<ul style="list-style-type: none">– Trivium, enfocado á desenvolver a <u>elocuencia</u> (gramática, dialéctica e retórica).– Quadrivium, enfocado ao desenvolvemento do <u>coñecemento matemático</u> (aritmética, xeometría, astronomía e música).▪ Nas artes destaca a arquitectura, que imitaba formas romanas e bizantinas. Mandou construír numerosas igrexas, entre as que sobresa a capela palatina de Aquisgrán.

S3. *Lea o seguinte texto e conteste as preguntas:*

Alguns monxes que viñan da India decatáronse de que o emperador Xustiniano desexaba que, para o comercio da seda os romanos non fosen máis obrigados a estar baixo o control dos persas. Presentáronse ante o emperador e prometéronlle que non se verían obrigados a comprarlle a seda aos persas, aos seus inimigos, nin a outra nación; eles viviran moito tempo en Serinda (China noroccidental), un país máis aló da India, e aprenderan tamén a producir a seda en terra romana... Os monxes volveron de novo a Serinda, trouxeron ovos do verme de seda a Bizancio, convertéronos en vermes e alimentáronos con follas de moreira. Desde aquel momento, no imperio romano empezouse a producir a seda. <p style="text-align: right;"><i>Procopio de Cesarea "Historia das guerras"</i></p>
--

▪ A que fai referencia o texto?	Ao descubrimento do segredo da produción de seda por parte do Imperio Bizantino.
▪ Cando tivo lugar o episodio ao que fai referencia o documento?	No século VI.
▪ Que vantaxes lle puido reportar ao Imperio Bizantino o exposto no documento?	<ul style="list-style-type: none">▪ O Imperio Bizantino deixaba de depender doutros territorios para producir seda, o que lle permitía satisfacer a demanda interna do produto a baixo custo.▪ Como o Imperio Bizantino intercambiaba produtos con Europa, podía venderlles a súa seda aos europeos. Como este era un produto de luxo, obtería grandes beneficios económicos.

S4. *Cales son as obrigas fundamentais da relixión islámica?*

▪ A profesión da fe	Consiste en asumir que hai un único deus, Alá, e que Mahoma é o seu profeta.
▪ A oración	Debe levarse a cabo cinco veces ao día.
▪ A esmola	Ten o obxectivo de axudar os necesitados.
▪ O xaxún	Debe levarse a cabo no mes de Ramadán, dende a saída ata a posta do sol.
▪ A peregrinación á Meca	Debe levarse a cabo cando menos unha vez na vida.

S5. *Indique as características da cultura musulmá medieval.*

<p>A cultura do mundo árabe foi considerablemente avanzada para o seu tempo:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Asimilaron características dos pobos vencidos e tomaron elementos tanto de Asia como da cultura grecolatina. Traduciron unha gran cantidade de obras clásicas ao árabe, lingua que se implantou nos territorios conquistados, que deu lugar a importantes obras literarias (como "As mil e unha noites"), e que estivo presente en amplas bibliotecas creadas nas cidades, entre as que destacan as de Córdoba, Bagdad e O Cairo. ▪ Grazas ao comercio tiveron contacto cos avances do seu tempo. A través de China coñeceron a pólvora, o papel e o compás. ▪ Apaixonados pola alquimia, descubriron substancias como o alcol e o ácido sulfúrico. ▪ Nas matemáticas difundiron o uso do 0, inventaron a álgebra e desenvolveron a aritmética e trigonometría. ▪ En medicina, e con médicos como Avicena e Averroes, desenvolveron técnicas de cirurxía e anestesia, tamén mostraron preocupación pola prevención de enfermidades. ▪ No terreo das artes destacaron en arquitectura. As obras que realizaron estaban destinadas ao poder e á relixión: pazos e mesquitas, nos que lle prestan máis importancia ao interior que ao exterior. A decoración non ten figuras humanas nin de animais ao estaren prohibidas pola relixión: pintura e escultura cumprían funcións estritamente decorativas.

S6. *Comente o seguinte documento seguindo as preguntas expostas.*

<p>"Os nobres son os guerreiros, os protectores das igrexas. Defenden a todo o pobo, aos grandes o mesmo que aos pequenos e ao mesmo tempo protéxense a eles mesmos. A outra clase é a dos servos. Esta raza de desgraciados non posúe nada sen sufrimento. Provisións e vestidos son fornecidos a todos por eles, pois os homes libres non poden valerse sen eles. Así pois, a cidade de Deus, que é tida como unha, en realidade é tripla. Uns rezan, outros loitan e outros traballan. As tres ordes viven xuntas e non sofren unha separación. Os servizos de cada unha destas ordes permiten os traballos dos outros dous. E cada un á súa vez préstalle apoio aos demais. Mentres esta lei estivo en vigor o mundo estivo en paz".</p>
<p>Do monxe Adalberón na súa obra Carmen ad Robertum regem francorum. Ano 998.</p>

▪ Con que época e zona do mundo se corresponde o documento?	O feudalismo, en Europa occidental.
▪ A que fai referencia?	Á existencia de tres estamentos, dous deles privilexiados (nobreza e clero) e un deles carente de privilexios (fundamentalmente o campesiñado). Os estamentos privilexiados posuían leis máis beneficiosas e tiñan vantaxes, como non pagar impostos.
▪ Considera que o autor é crítico co sistema exposto ou que é favorable? Razoe a resposta.	Está a favor, xa que o texto lexítima a necesidade de que a sociedade se organice como el describe. El pertence ao grupo dos privilexiados, xa que forma parte do clero.

S7. *Defina os seguintes termos. Lembre que existe un glosario ao final do tema.*

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Milenarismo 	Crenza segundo a cal a fin do mundo ía chegar no ano mil da era cristiá.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Abade 	Superior dun mosteiro pertencente a determinadas ordes relixiosas cristiás co título de abadía. A elección do abade é vitalicia e realízase democraticamente por escrutinio secreto dos monxes; o abade e a abadesa teñen autoridade para reforzar a observancia das regras da orde.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Décimo 	Parte do produto bruto das colleitas, ao redor da décima parte, que os fieis lle entregaban á Igrexa.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Cruzadas 	Campañas militares que se levaron a cabo entre o século XI e o XIII, apoiadas polo papa e que tiñan por obxectivo controlar a chamada Terra Santa, os lugares onde terían lugar os acontecementos narrados na Biblia (as actuais Palestina, Israel, Siria, Exipto, Irak, Turquía, Grecia etc.)
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Inquisición 	Tribunal eclesiástico fundado no século XII, que investigaba a quen consideraba sospeitoso e podía chegar a empregar tortura e a executar aos acusados.

S8. *Indique como funcionaban os gremios medievais.*

No interior das cidades medievais non se podía exercer unha profesión sen pertencer a un gremio. Neles, os mestres artesáns decidían as condicións de traballo: o gremio concedía ou denegaba o permiso para a instalación de novos obradoiros e a toma de novos aprendices, controlaba o horario laboral, marcaba un mínimo para os prezos de venda e controlaba a calidade dos produtos elaborados.

S9. *Enumere e explique de forma sintética as causas da crise do século XIV.*

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Crise agraria 	Unha sucesión de malas colleitas provocou escaseza e suba dos prezos, o cal provocou fames e desnutrición.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Guerras e revoltas 	O fortalecemento do poder dos reis trouxo guerras (como a dos <i>Cen anos</i>) e a destrución e a escaseza provocaron revoltas campesiñas (como as jacqueries) e urbanas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Peste Negra 	Chega en 1348 de Asia a través das rutas comerciais marítimas. Mata a case un terzo da poboación europea.

S10. *Identifique as institucións que empregaba a monarquía visigoda para gobernar*

Para gobernar, os reis visigodos contaban con:

- **Aula Rexia**, formada por magnates próximos ao rei e
- Os **Concilios**, onde participaban o rei, a corte e o os representantes do clero.

- S11. *Entre na ligazón para ver os cambios territoriais que se producen na Península Ibérica. Indique a que fases da historia de Al-Ándalus e do avance dos reinos cristiáns se corresponde cada unha das datas sinaladas.*

<http://explorethemed.com/reconquistaEs.asp?c=1>

▪ 756	Emirato Omeia, momentos previos á expansión dos reinos cristiáns.
▪ 940	Emirato Omeia, primeira fase da expansión dos reinos cristiáns.
▪ 1036	Reinos de taifas, segunda fase da expansión dos reinos cristiáns.
▪ 1162	Dominio almohade, segunda fase da expansión dos reinos cristiáns.
▪ 1212	Fin do dominio almohade. Terceira fase da expansión dos reinos cristiáns.
▪ 1265	Terceiros reinos de taifas. Terceira fase da expansión dos reinos cristiáns.
▪ 1492	Caída do reino nazarí de Granada. Última fase da expansión dos reinos cristiáns.

- S12. *Defina os seguintes termos.*

▪ Mozárabe	Eran aqueles cristiáns que decidiron manter a súa relixión e costumes, a cambio do cal pagaban uns impostos. No século IX, e debido aos conflitos cos reinos cristiáns, parte dos mozárabes decidiron abandonar o territorio musulmán e outros tantos arabizáronse. Estes convertéronse nun grupo cada vez máis pequeno.
▪ Muladí	A maior parte da poboación de Al-Ándalus, os muladí eran conversos ao Islam ou herdeiros destes conversos. Esta conversión ía asociada ás vantaxes económicas e sociais que no mundo musulmán tiña abrazar a súa relixión.
▪ Mudéjar	Musulmáns que vivían no territorio conquistado polos cristiáns, e aos que se lles permitía manter a súa lingua, relixión e costumes. Eran por norma de extracto social humilde.
▪ Mourisco	Poboación musulmá da Península Ibérica, forzada a converterse ao cristianismo.

- S13. *Explique en que consistía o foro galego.*

Neste tipo de contrato, a cambio dunha renda fixa a longo prazo (varias xeracións) e da prestación de servizos persoais aos señores, o campesiñado beneficiábase do uso da terra, mais sen acceder nunca á propiedade desta.

- S14. *Indique que efectos tivo o Camiño de Santiago na Galicia medieval.*

Tras o achado do suposto sepulcro do apóstolo **Santiago** a comezos do século IX, desenvolveuse rapidamente o culto xacobeo. O desenvolvemento do camiño a partir do século XI reforzará o papel de Compostela e o poder do arcebispo da cidade (entre os que destaca **Xelmírez**), facilitará o comercio e os contactos cos outros reinos cristiáns.

Desde o século XI ata o XIII, Galicia viviu un importante apoxeo cultural grazas ás innovacións que chegaban dende o Camiño de Santiago.

- S15. *Que quere dicir que a arte románica tiña unha función pedagóxica e didáctica? Que efectos tiña isto nas representacións da escultura e da pintura?*

As esculturas e pinturas que decoraban igrexas e catedrais buscan achegar a mensaxe bíblica a uns fieis que, na súa maior parte, eran vítimas do analfabetismo. Por este motivo, pintura e escultura non son naturalistas, senón esquemáticas, en posicións rixidas. Ao mesmo tempo, buscan a expresividade e fan uso de ferramentas tales como a cor.

- S16. *Compare as características da escultura e pintura do Románico e do Gótico.*

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Arquitectura 	<p>A escultura románica toma habitualmente a forma do relevo, xa que está pensada para decorar o interior e o exterior dos edificios da época. No Gótico atopamos tamén escultura exenta. En ambos os casos ten a función de representar episodios bíblicos, para que poidan ser comprendidos polos fieis, pero no Gótico engádense temáticas, como o retrato. No Románico non é unha escultura naturalista, senón esquemática e adecuada ao espazo no que se sitúa. Ao mesmo tempo, resulta moi expresiva para poder servir á súa función didáctica. No Gótico búscase un maior naturalismo e busca transmitir movemento. Tanto no Gótico como no románico a escultura é policromada.</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Pintura 	<p>No Románico a pintura comparte características coa escultura: posúe tamén unha función didáctica, representa temas relixiosos e as figuras adoitan ser esquemáticas e en posicións rixidas. A pintura decoraba o exterior e o interior dos templos. No gótico as vidreiras substituíron os amplos programas de decoración pictórica dos templos. Isto trouxo cambios de soporte na pintura e cobraban importancia a pintura sobre táboa, nos retablos. A pintura románica empregaba vivas cores para compensar a escasa iluminación dos interiores e resaltaba o contorno das figuras cunha grosa liña negra. Por norma, non había representación de paisaxe no fondo. No Gótico hai unha maior busca do realismo, da expresividade e do movemento, tamén se introducen paisaxes nos fondos. A técnica predominante no Románico era a da pintura ao fresco. No Gótico aparece o óleo, unha técnica que permite un traballo minucioso e de gran detalle.</p>

- S17. *Indique as características da arquitectura musulmá medieval.*

En arquitectura atopamos edificios relixiosos, as mesquitas, e tamén arquitectura civil, na cal atopamos edificios tales como fortalezas, palacios e baños públicos. A decoración en ambos os casos é moi austera no exterior e rica no interior. Empréganse materiais baratos tales como ladrillo e madeira na construción dos edificios, pero nos elementos decorativos emprégase mármore, xeso, cerámica, madeira etc. O pouco peso dos materiais e que os edificios tiñan dimensións regulares, sumado ao coñecemento do arco e da bóveda, permitiu empregar columnas e piares esveltos nos edificios.

6.2 Solucións das actividades complementarias

- S18. *Traballo de investigación: “A música medieval no Camiño de Santiago”. Elabore un informe (300-500 palabras) destinado á exposición na aula, no que indique as características xerais da música da época, o papel do músico na sociedade e os efectos do camiño sobre a música. Pode empregar as seguintes ligazóns como punto de referencia.*

<https://es.slideshare.net/mgonyan526/la-msica-en-el-camino-de-santiago>

<http://coralea.com/musica-y-camino-de-santiago-por-alberto-solana-de-quesada/>

Resposta libre. Recomendamos o emprego dunha grella para a avaliación dos traballos de investigación e as exposicións orais. Este pode ser un modelo:

	3	2	1	0
Investigación	Amplía a busca e engade novas fontes que ofrecen información de utilidade.	Emprega as fontes recomendadas e extrae axeitadamente a información.	Emprega as fontes recomendadas pero non consegue extraer axeitadamente a información.	Non emprega as fontes recomendadas e/ou non consegue extraer información útil.
Realización das tarefas marcadas	Realiza todos os puntos marcados na tarefa cun resultado satisfactorio.	Realiza todos os puntos marcados na tarefa cun resultado mellorable.	Obvia algún dos puntos marcados na tarefa ou ben non consegue resultados á altura do esperado.	Non realiza as tarefas asignadas e obvia todos ou case todos os puntos marcados.
Corrección da expresión escrita	Sen erros, boa comunicación.	Algún erro menor e/ou problema expositivo.	Erros importantes e/ou problemas para comunicar ideas e conceptos.	Erros significativos para o nivel, dificultades claras para facerlle chegar a mensaxe ao receptor.
Exposición na aula	Sen erros, boa comunicación.	Algún erro menor e/ou problema expositivo.	Erros importantes e/ou problemas para comunicar ideas e conceptos.	Erros significativos para o nivel, dificultades claras para facer chegar a mensaxe ao receptor.
Avaliación	Suficiente: 5-6 puntos sobre os 12 posibles. Ben: 7-8 puntos sobre os 12 posibles. Notable: 9-10 puntos sobre os 12 posibles. Sobresaliente 11-12 puntos sobre os 12 posibles.			

6.3 Solucións dos exercicios de autoavaliación

1. Que figuras dos reinos xermanos chegaron a rivalizar en poder cos propios reis?

- Os bispos.
- Os condes.
- Os mordomos de palacio.
- Os servos.

2. Onde estaba a capital do Imperio Carolinxio?

- Aquisgrán.
- Roma.
- Constantinopla.
- Rávena.

3. Cal era a lingua que se falaba no Imperio Bizantino?

- O latín.
- O grego.
- O italiano.
- O árabe.

4. Cal é o libro sagrado do islam?

- A Biblia.
- O Talmud.
- O Tripitaka.
- O Corán.

5. Cal dos seguintes grupos pertencía ao estamento dos privilexiados?

- Os eclesiásticos.
- Os campesiños.
- Os artesáns.
- Os comerciantes.

6. Que era o décimo?

- Un tipo de fortificación.
- Un tipo de imposto.
- Un instrumento para facilitar o labor do comercio.
- Un tipo de contrato de vasalaxe.

7. Que nova clase social aparece durante o renacemento das cidades medievais?

- A nobreza.
- O clero.
- A burguesía.
- O campesiñado.

8. En que século chegou a Peste Negra a Europa?

- Século XI.
- Século XII.
- Século XIII.
- Século XIV.

9. Que pobo xermánico estableceu no século V un reino en Gallaecia?

- Os visigodos.
- Os alanos.
- Os vándalos.
- Os suevos.

10. Un converso cristián ao islam en Al-Ándalus era un...

- Mozárabe.
- Muladí.
- Mudéjar.
- Mourisco.

11. Que nome recibían os tributos que lles cobraban os reinos cristiáns aos reinos de taifas?

- Parias.
- Gavelas.
- Foros.
- Alcabalas.

12. Que nome recibía o contrato agrario máis frecuente na Galicia medieval?

- Mita.
- Foro.
- Cabido.
- Linde.

13. A planta das igrexas de peregrinación era...

- De cruz grega.
- De cruz latina.
- Circular.
- De salón.

14. Que nova técnica de pintura aparece no Gótico?

- Dripping.
- Fresco.
- Aerografía.
- Óleo.

15. Que edificio relixioso e característico da arte musulmá?

- A catedral.
- A acrópole.
- A mesquita.
- A pagode.

7. Glosario

Para facilitar o estudo da unidade, achegamos a seguinte listaxe de termos, en orde alfabética. É recomendable que o alumnado o empregue para así evitar unha memorización baleira dos contidos e facilitar unha comprensión real da unidade.

A	▪ Abade, abadesa	Superior dun mosteiro pertencente a determinadas ordes relixiosas cristiás co título de abadía. A elección do abade é vitalicia e realízase democraticamente por escrutinio secreto dos monxes. O abade e a abadesa teñen autoridade para reforzar a observancia das regras da orde.
	▪ Almohades	Dinastía bérber que dominou o norte de África e o sur da Península Ibérica nos séculos XII e XIII.
	▪ Almorábides	Grupos bérberes ligados a unha interpretación rixida do islam, que conseguiron formar un imperio entre os séculos XI e XII.
	▪ Alquimia	Doutrina e estudo experimental dos fenómenos químicos que se desenvolveu desde a Antigüidade e ao longo da época medieval e que pretendía descubrir os elementos constitutivos do universo, a transmutación dos metais, o elixir da vida etc.
	▪ Arco	Elemento construtivo empregado para sustentar, de forma xeralmente curva, que cobre un van entre dous puntos, entre os que reparte as forzas exercidas mediante as pezas menores que o compoñen. No Románico atopamos arco de medio punto e no Gótico arco apuntado.
	▪ Arcobotante	Elemento construtivo sustentante que funciona como reforzo do muro ou para contrarrestar os empuxes dun arco ou bóveda.
	▪ Arianismo	Herexía do século IV que considera que Cristo foi creado por Deus e que está subordinado a el. Nega así a Santísima Trindade. Esta herexía foi abrazada por algúns pobos xermanos, tales como os visigodos e os vándalos.
B	▪ Basileus	No Imperio Bizantino, título que fai referencia ao emperador. Considerábase que o basileus obtiña a súa autoridade de Deus, e que os seus actos procedían da vontade divina.
	▪ Bérbere	Conxunto de etnias do Norte de África, que durante a Idade Media foron aliados dos árabes.
	▪ Besante	Moeda bizantina de ouro ou prata que foi aceptada no comercio no mundo musulmán en Europa Occidental, e convértese así na moeda de referencia do comercio internacional durante uns 600 anos.
	▪ Bispo	Sacerdote cristián que recibiu a orde do episcopado (grao máis elevado do sacerdocio cristián) e que ten entre as súas funcións gobernar unha diocese, ordenar sacerdotes, confirmar aos fieis, consagrar igrexas etc.
	▪ Bóveda	Elemento construtivo sustentado. Esta construción arquitectónica en forma de arco cobre o un espazo entre muros, piares ou columnas. No Románico atopamos bóvedas de canón e no Gótico bóvedas de cruzaría.
C	▪ Califa	Gobernante absoluto do mundo musulmán, é xefe relixioso, militar, goberna, legisla e é cabeza dos tribunais.
	▪ Cardeal	Prelado da Igrexa católica que forma parte, xunto con outros, do Sacro Colexio e que ten entre as súas funcións aconsellar o papa e, cando este morre, elixir o seu sucesor. Os cardeais son nomeados polo papa.
	▪ Cisma de Oriente	Evento de 1054 no cal o papa de Roma e o patriarca de Constantinopla se excomungaron mutuamente, xa que non recoñecían a autoridade do outro. Isto provocou a separación entre a Igrexa católica, con sede en Roma e a Igrexa ortodoxa, con sé en Constantinopla.
	▪ Corveas	Xornadas de traballo que os servos feudais debían levar a cabo nas terras do seu señor, sen recibir ningún tipo de pagamento a cambio.
	▪ Cruzadas	Campañas militares que se levaron a cabo entre o século XI e o XIII, apoiadas polo papa e que tiñan por obxectivo controlar a chamada Terra Santa, os lugares onde terían lugar os acontecementos narrados na Biblia (as actuais Palestina, Israel, Siria, Exipto, Irak, Turquía, Grecia etc.)

D	▪ Décimo	Parte do produto bruto das colleitas, ao redor da décima parte, que os fieis entregaban á Igrexa.
	▪ Dinar	Moeda de ouro dos territorios árabes, que orixinalmente imitaba a moeda bizantina.
	▪ Dinastía	Serie de reis ou soberanos que pertencen á mesma familia.
	▪ Dux	Persoa que ocupaba un alto cargo de goberno e tiña o control do exército nas provincias. É un termo propio da última etapa do Imperio Romano de Occidente, que logo foi empregado por algúns dos reinos xermanos (como o dos visigodos).
E	▪ Emir	Príncipe ou xefe político e militar no mundo árabe.
	▪ Especies	Produtos aromatizantes de orixe vexetal e que proviñan en boa cantidade de Oriente. Empregábanse para preservar alimentos ou darlles sabor, tamén para a fabricación de perfumes e usos médicos.
	▪ Estamento	División ou grupo social da Idade Media e do Antigo Réxime, ao que se accedía por nacemento. Había estamentos privilexiados, con vantaxes xurídicas e fiscais, e estamentos non privilexiados, desprovistos destas vantaxes.
F	▪ Feudo	Terra que o señor outorga ao vasallo no contrato de vasalaxe, como parte do que o señor entrega ao servo polo cumprimento das súas obrigacións de <i>auxilium</i> et <i>consilium</i> .
	▪ Fresco	Pintura realizada sobre unha capa de cal e que debe aplicarse cando a superficie está húmida.
G	▪ Guerra dos Cen Anos	Conflito entre os reinos de Francia e Inglaterra, desde 1337 ata 1453, e no cal o obxectivo era determinar a quen lle correspondía unha gran cantidade de territorios feudais situados en Francia. Rematou coa retirada de Inglaterra.
H	▪ Héxira	Emigración ou fuxida de Mahoma da Meca a Medina, que tivo lugar no ano 622 e tómasse como punto de partida da cronoloxía musulmá.
	▪ Homenaxe	Cerimonia pola cal o vasallo, axeonllado ante o seu señor, xuraba fidelidade e prometía prestar servizos militares e de corte ao seu señor. Este xuramento era irrevogable e de por vida. A cambio o señor concedíalle un feudo e protección.
	▪ Hunos	Confederación de tribos eurasiáticas que, baixo o mando de Atila, se converteron nunha das maiores ameazas para o Imperio Romano de Occidente, ao que debilitaron enormemente. Isto facilitou a súa posterior caída.
I	▪ Investidura	Entrega dun feudo a un vasallo de forma vitalicia, o que significa o dereito para utilizar os bens do señor e gozar dos beneficios que estes dean, sempre coa obrigación de coidalos e preservalos coma se fosen seus. Este dereito en principio desaparecía co falecemento do vasallo. Co paso do tempo, o dereito sobre os feudos podía ser herdado sempre que se renoven os votos que o anterior vasallo fixese co señor.
J	▪ <i>Jacqueries</i>	Revoltas campesiñas francesas, especialmente virulentas no século XIV polos efectos negativos da guerra dos Cen Anos.
L	▪ Letra de cambio	Especie de cheque. É unha orde escrita dunha persoa a outra para que pague unha determinada cantidade de diñeiro nun tempo futuro a un terceiro (o beneficiario).
	▪ Liñaxe	Liña de antecesores e descendentes dun individuo. Nas sociedades estamentais, a liñaxe determinaba a posición social dos individuos.
	▪ Lonxa	Edificio que serve como lugar de reunión dos comerciantes.
M	▪ Mansos	Explotacións campesiñas da época carolinxa. Podían ser os terreos dos señores (mansos señoriais) ou traballados por familias campesiñas que podían ser libres ou servas (mansos libres ou servís).
	▪ Mesquita	Edificios propios do culto musulmán, cuxa función principal é reunir aos fieis na oración.
	▪ Milenarismo	Crenza segundo a cal a fin do mundo ía chegar no ano mil da era cristiá.
	▪ Missi Dominici	Inspectores carolinxios, que traballaban en parellas dun laico e un relixioso. Encargábanse de velar polo mantemento da autoridade do emperador e de evitar conspiracións por parte da nobreza.
P	▪ Parias	Tributo que lles pagaban os príncipes de territorios vasallos aos reinos cristiáns para manter a súa independencia.
	▪ Patriarca (Constantinopla)	Principal portavoz da Igrexa ortodoxa, era escollido directamente polo emperador bizantino.

	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Pedra negra da Kaaba 	Reliquia musulmá que a tradición sitúa nos tempos de Adán e Eva, que se considera unha das pedras do Paraíso. Atópase na Kaaba, edificio cúbico situado no interior da gran mesquita da Meca.
R	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Relevo 	Escultura que sobresaí do marco no que se esculpe, sen chegar a liberala por completo da pedra.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Rosetón 	Van circular adornado especialmente, usado nas fachadas das igrexas e as catedrais medievais.
S	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Servo (feudal) 	Individuo que vivía nunhas condicións moi preto da escravitude, que tiña como principal diferenza que non podía ser vendido e que tiña un estatus xurídico de individuo libre. Na práctica estaba sometido ao señor feudal, xa que non podía abandonar as terras que traballaba sen o seu permiso e debía recoñecer a súa autoridade política, xudicial e fiscal.
T	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Troco 	Intercambio de produtos sen que interveña o diñeiro.
V	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Vidreira 	Estrutura de cristais, normalmente de cores, que serve para decoración e que no gótico cobre os espazos abertos nos muros.
X	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Xihad 	O esforzo que os musulmáns deben levar a cabo para instaurar a lei divina na terra, asociado en moitas ocasións á guerra santa.

8. Bibliografía e recursos

Bibliografía

Esta bibliografía reflicte tanto aqueles materiais ao redor dos cales foi elaborada a unidade, como suxestións que poden empregar o profesorado e o alumnado para afondar nos distintos puntos tratados nela.

- Miguel Ángel Ladero Quesada. Historia universal, volumen II: Edad Media. 2010. Vicens Vives.
- VV.AA. Historia. Tomo 17. La Europa medieval. 2015. National Geographic.
- VV.AA. Historia. Tomo 18. La expansión del Islam. 2015. National Geographic.
- VV.AA. Historia. Tomo 19. Los reinos cristianos y las cruzadas. 2015. National Geographic.
- VV.AA. Historia. Tomo 20. Nuevas rutas hacia Oriente. 2015. National Geographic.
- VV.AA. Historia. Tomo 21. El fin de la Edad Media. 2015. National Geographic.
- VV.AA. Historia de la Edad Media. 1999. Ariel Historia.
- Trevor Cairns. Historia del mundo para jóvenes: La Edad Media. 1997. Akal/Cambridge.
- Flocel Sabaté. Vivir y sentir en la Edad Media. 2011. Anaya.
- Jesús Greus. Así vivieron en Al-Andalus. 2009. Anaya.
- VV.AA. Atlas histórico: Edad Media y tiempos modernos. 2017. National Geographic.
- Barbara Tuchman. Un espejo lejano. 2000. Península.
- Johan Huizinga. El otoño de la Edad Media. 2005. Alianza Editorial.
- Norman Cohn. Los demonios familiares de Europa. 1987. Alianza Editorial.
- VV.AA. Xeografía e Historia, serie descubre. 2º da ESO. 2015. Santillana.
- Rolf Toman. El Románico. 1999. Koneman.
- Rolf Toman. El Gótico. 1999. Koneman.
- Marianne Barrucand. Arquitectura islámica en Andalucía. 2007. Taschen.
- Anette Hagedorn, Norbert Wolf. Arte islámico. 2016. Taschen.

Ligazóns de Internet

Ao igual que no caso da bibliografía, enlázanse a continuación páxinas e recursos que permiten afondar nos distintos puntos tratados ao longo da unidade, e facilitar tanto a comprensión dos contidos como a realización das actividades propostas.

- A caída de Roma e a chegada dos reinos xermanos: <https://www.youtube.com/watch?v=K47HIRBHv3U>
- Os Missi Dominici: <https://historiaybiografias.com/missi-dominici/>
- A arte carolinxia: <http://historiadelarte2015-2.blogspot.com.es/2015/09/arte-carolingio.html>
- O Imperio Bizantino: <https://www.caracteristicas.co/imperio-bizantino/>
- A historia da seda: <http://www.pinturasobreseda.com/historia-de-la-seda.html>
- A cidade musulmá medieval: <http://jcdonceld.blogspot.com.es/2010/11/la-ciudad-islamica-medieval-partes-y.html>
- Achegas do mundo musulmán medieval ás ciencias: https://www.webislam.com/articulos/29187-aportaciones_del_islam_a_las_ciencias.html
- As invasións viquingas: <https://historiaybiografias.com/normandos1/>
- O sistema feudal: <https://www.profeenhistoria.com/feudalismo/>
- O milenarismo: https://elpais.com/cultura/2015/04/22/babelia/1429711405_669441.html
- As cruzadas: <http://mihistoriauniversal.com/edad-media/cruzadas/>
- Os gremios medievais: <https://redhistoria.com/los-gremios-medievales-los-antiguos-sindicatos/>
- A Peste Negra: http://www.nationalgeographic.com.es/historia/grandes-reportajes/la-peste-negra-la-epidemia-mas-mortifera_6280/9
- O reino suevo: <http://www.arteguias.com/reinosuevo.htm>
- O reino visigodo: <http://historiaespana.es/edad-antigua/reino-visigodo>
- A España das tres culturas: <https://evacuentalahistoriadeespana.wordpress.com/2013/04/23/laespanacristianadelastresculturas/>
- Historia do Camiño de Santiago: <http://www.santiagoturismo.com/historia>

- As revoltas irmandiñas: <http://anosacultura2.blogspot.com.es/2011/02/as-revoltas-irmandinas.html>
- A música e o Camiño de Santiago: <http://coralea.com/musica-y-camino-de-santiago-por-alberto-solana-de-quesada/>
- A catedral na cidade medieval: https://historiaybiografias.com/catedral_medieval/
- A arte musulmá: <http://www.mgar.net/var/islam3.htm>
- A decoración na arte musulmá: <http://clio.rediris.es/fichas/arteslam/islam1.htm>

Outros recursos

Para o estimular a curiosidade e facilitar o estudo do ámbito social, é recomendable o emprego de materiais diversos que poidan conter información relacionada cos contidos tratados. A esta fin, preséntase a continuación unha pequena escolla de películas, series, libros, videoxogos, aplicacións e banda deseñada que poidan resultar de interese ou inspiración.

- “Ivanhoe”, de Walter Scott. Unha das primeiras novelas históricas, relata as andanzas do cabaleiro medieval Ivanhoe na Inglaterra do século XII.
- “La compañía blanca”, de Arthur Conan Doyle. Novela de aventuras situada durante a guerra dos Cen Anos. Novela histórica do autor de Sherlock Holmes. Conta cun gran traballo de documentación previo.
- “El conde Belisario”, de Robert Graves. Novela histórica que sitúa a súa acción no Imperio Bizantino do século VI. Trata a vida de Belisario, como xeneral do emperador Xustiniano.
- “Robin e Marian”. Película dirixida por Richard Lester en 1976 e que trata cunha perspectiva orixinal a historia de Robin Hood. É especialmente interesante por intentar situar o heroe mítico nun contexto realista.
- “Excalibur”. Película fantástica de 1981, dirixida por John Boorman e inspirada en “A morte de Arturo”, de Sir Thomas Malory. Visual e imaxinativa, ofrece unha visión clásica dos mitos artúricos.
- “Macbeth”. Película de 2015 dirixida por Justin Kurzel e baseada na obra homónima de William Shakespeare. Actores e decorados contribúen a crear unha atmosfera opresiva e ligada ao prezo da ambición desmesurada.
- “Juana de Arco”. Película biográfica dirixida en 1999 por Luc Besson, situada durante a guerra dos Cen anos. Trata a historia cun estilo visual actual e grandes doses de acción.

- “Príncipe Valiente”. Banda deseñada de Harold Foster, situada na época mítica do Rei Arturo e a súa corte. O traballo de documentación levado a cabo para representar armas, armaduras, castelos, roupaxes etc. resulta impresionante malia os anacronismos propios das ambientacións artúricas.
- “Vikings”. Serie de televisión que arranca no 2013. Inspírase na vida do semilexendario Ragnar Lodbrok, rei de Suecia e Dinamarca do século VIII. Procura representar fielmente a vida e tecnoloxía da sociedade vikinga.
- “A víbora negra”. Comedia británica, producida entre 1983 e 1989. Trata as intrigas de Edmund Blackadder e os seus descendentes. Arrinca a trama no século XV e remata no XX.
- “Mil”. Xogo de taboleiro de 2 a 5 xogadores. Deseñado por Firmino Martínez e editado por Homoludicus, no cal os xogadores interpretan o papel dunha familia nobiliaria que compite por obter a maior influencia posible.
- “Ophiusa”. Xogo de cartas de Fernando M. Cimadevila e editado por Urco. Trata acontecementos destacados da política, sociedade e cultura galegas.
- “Toledo 1085”. Xogo de cartas de 2 a 4 xogadores, deseñado por Javier J. Domínguez Cruz e editado por Devir. Os xogadores encarnan a nobres toledanos que teñen por obxectivo desenvolver a cidade. Tamén manteñen a harmonía entre as culturas cristiá, xudía e musulmá.
- “TimeMap. Historia de la Edad Media”. Aplicación para dispositivos móbiles que funciona como un atlas interactivo.
- “Patrician IV”. Videoxogo de 2010, de estratexia e xestión de recursos, no que interpretamos a un comerciante do Norte de Europa que busca ascender socialmente.
- “Medieval Total War II”. Videoxogo de estratexia de 2006 no que tomamos o control dun reino durante a Idade Media.
- “Kingdoms and Castles”. Videoxogo de 2017 de construción de fortalezas e xestión de recursos, cunha estética retro.

9. Anexo. Licenza de recursos

Licenzas de recursos utilizadas nesta unidade didáctica

RECURSO (1)	DATOS DO RECURSO (1)	RECURSO (2)	DATOS DO RECURSO (2)
 <p>RECURSO 1</p>	<ul style="list-style-type: none"> Autoría: William R. Shepherd Licenza: Dominio público Procedencia: https://commons.wikimedia.org/ 	 <p>RECURSO 2</p>	<ul style="list-style-type: none"> Autoría: Zaqarbal Licenza: Creative Commons Procedencia: https://commons.wikimedia.org/
 <p>RECURSO 3</p>	<ul style="list-style-type: none"> Autoría: William R. Shepherd Licenza: Creative Commons Procedencia: https://commons.wikimedia.org/ 	 <p>RECURSO 4</p>	<ul style="list-style-type: none"> Autoría: Lokilech Licenza: Creative Commons Procedencia: https://commons.wikimedia.org/
 <p>RECURSO 5</p>	<ul style="list-style-type: none"> Autoría: Nniemenmaa Licenza: Creative Commons Procedencia: https://commons.wikimedia.org/ 	 <p>RECURSO 6</p>	<ul style="list-style-type: none"> Autoría: Errabee Licenza: Creative Commons Procedencia: https://commons.wikimedia.org/
 <p>RECURSO 7</p>	<ul style="list-style-type: none"> Autoría: Rowandwindwhistler Licenza: Creative Commons Procedencia: https://commons.wikimedia.org/ 	 <p>RECURSO 8</p>	<ul style="list-style-type: none"> Autoría: Urban Licenza: Creative Commons Procedencia: https://commons.wikimedia.org/
 <p>RECURSO 9</p>	<ul style="list-style-type: none"> Autoría: Phrood Licenza: Dominio público Procedencia: https://fr.wikipedia.org/wiki/Fichier:Charles_d%27Orléans.png 	 <p>RECURSO 10</p>	<ul style="list-style-type: none"> Autoría: Leinad-Z Licenza: Dominio público Procedencia: https://commons.wikimedia.org/wiki/File:Escribano.jpg
 <p>RECURSO 11</p>	<ul style="list-style-type: none"> Autoría: Milartino Licenza: Creative Commons Procedencia: https://commons.wikimedia.org/ 	 <p>RECURSO 12</p>	<ul style="list-style-type: none"> Autoría: Peter Brueghel o Vello Licenza: Dominio público Procedencia: https://commons.wikimedia.org/
 <p>RECURSO 13</p>	<ul style="list-style-type: none"> Autoría: Alcides Pinto Licenza: Creative Commons Procedencia: https://commons.wikimedia.org/ 	 <p>RECURSO 14</p>	<ul style="list-style-type: none"> Autoría: Rowandwindwhistler Licenza: Creative Commons Procedencia: https://commons.wikimedia.org/
 <p>RECURSO 15</p>	<ul style="list-style-type: none"> Autoría: Macucal Licenza: Creative Commons Procedencia: https://es.wikipedia.org/wiki/Archivo:Reconquista_(914-1492).svg 	 <p>RECURSO 16</p>	<ul style="list-style-type: none"> Autoría: Manfred Zentgraf Licenza: Creative Commons Procedencia: https://commons.wikimedia.org/

RECURSO (1)	DATOS DO RECURSO (1)	RECURSO (2)	DATOS DO RECURSO (2)
 RECURSO 17	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Autoría: José-Manuel Benito ▪ Licenza: Dominio público ▪ Procedencia: https://commons.wikimedia.org/ 	 RECURSO 18	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Autoría: Pedronchi ▪ Licenza: Creative Commons ▪ Procedencia: https://commons.wikimedia.org/ ▪
 RECURSO 19	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Autoría: José Luís Filipo Cabana ▪ Licenza: Creative Commons ▪ Procedencia: https://commons.wikimedia.org/ 	 RECURSO 20	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Autoría: Jean-Pol GRANDMONT ▪ Licenza: Creative Commons ▪ Procedencia: https://commons.wikimedia.org/
 RECURSO 21	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Autoría: Vassil ▪ Licenza: Dominio público ▪ Procedencia: https://commons.wikimedia.org/ 	 RECURSO 22	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Autoría: Godot13 ▪ Licenza: Creative Commons ▪ Procedencia: https://commons.wikimedia.org/
 RECURSO 23	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Autoría: Ruggero Poggianella ▪ Licenza: Creative Commons ▪ Procedencia: https://commons.wikimedia.org/ 		